Así mesmo, no seu artigo 5, fai referencia á obtención de Certificados de profesionalidade, e especifica que serán aplicables as medidas previstas nos artigos 3 e 4 da devandita resolución, 8ª.- Con data 15 de xuño de 2020 a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia emite resolución pola que se establecen as condicións de seguridade e saúde laboral para o reinicio das accións formativas presenciais unha vez finalizada a Fase III, xunto co protocolo Anexo do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) de Recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus nas entidades e centros de formación profesional para o emprego, así como nos obradoiros de emprego e programas integrados de emprego. o que permitiría o cambio de modalidade de impartición dos mesmos, de presencial a teleformación.

V. En virtude do anterior, este servizo xestor, a través da súa Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, dirixiu a correspondente consulta á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, así coma ao Organismo Intermedio, "Ministerio de Política Territorial y Función Pública, área de proyectos de empleo, Dirección General de Cooperación Autonómica y Local", de xeito que os itinerarios formativos que integran o proxecto asociados á obtención de certificados de profesionalidade, poidan ser impartidos por centros de formación acreditados mediante un sistema de aula virtual, é dicir, teleformación. Sempre e cando, equiparen a obtención destes certificados de profesionalidade obtidos de xeito telemático aos obtidos presencialmente.

Esta proposta, de carácter consultivo, foi remitida por correo electrónico, en data 23 de abril de 2020, e obtivo resposta no mesmo día por parte do Organismo Intermedio, "Ministerio de Política Territorial y Función Pública, área de proyectos de empleo, Dirección General de Cooperación Autonómica y Local", co seguinte tenor literal:

"La Resolución de 15 de abril de 2020, del Servicio Público de Empleo Estatal, por la que se establecen, en su ámbito de gestión, medidas extraordinarias para hacer fren-



Concello de Vigo

te al impacto del COVID-19 en materia de formación profesional para el empleo en el ámbito laboral, solo es de aplicación a las convocatorias aprobadas por el Servicio Público de Empleo Estatal.

En el caso de que las medidas temporales adoptadas con motivo del Covid19 se mantengan y pudieran afectar a cumplimiento de la senda financiera o el plazo de ejecución del proyecto, este OI se valorará en su momento dicha circunstancia. Asimismo, estamos a la espera de recibir instrucciones de la Autoridad de Gestión sobre aspectos de la gestión y ejecución del FSE afectados por esta situación excepcional. Por otra parte, el Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de marzo (BOE 01/04/2020), por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al COVID-19, en su artículo 54 contempla la posibilidad de ampliar los plazos de ejecución de las actividades subvencionadas.”

(...)

8ª.- Con data 15 de xuño de 2020 a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia emite resolución pola que se establecen as condicións de seguridade e saúde laboral para o reinicio das accións formativas presenciais unha vez finalizada a Fase III, xunto co protocolo Anexo do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) de Recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus nas entidades e centros de formación profesional para o emprego, así como nos obradoiros de emprego e programas integrados de emprego.

9ª.- A tenor do anterior, procedeuse inmediatamente a requirir os protocolos e declaracións responsables de prevención fronte a Covid19 adoptados polas diferentes entidades de formación adxudicatarias, garantindo a súa dispoñibilidade para inicio da formación. A documentación remitida foi incorporada ao expediente nos trámites 722 e seguintes do expediente de referencia.

10ª.- En agosto de 2002 (recepción mediante email do 26 de agosto e posterior comunicación por rexistro de entrada de data 07/09/2020 – Doc. 200159654) recíbese a Resolución de 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se adoptan medidas para facer fronte ao impacto da crise sanitaria provocada pola COVID-19 na execución dos proxectos financiados pola convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables, que expón o seguinte:

“En lo que respecta al plazo de ejecución, el apartado decimocuarto de la resolución de convocatoria establece que las entidades beneficiarias tendrán de plazo para realizar las actuaciones de los proyectos subvencionados hasta el 31 de diciembre de 2021, contemplando además que cuando existan causas excepcionales que impidan finalizar la ejecución del proyecto en el plazo fijado, la Entidad podrá solicitar con una antelación mínima de 15 días a su vencimiento una ampliación del plazo debidamente justificada.

Sin perjuicio de esta previsión, el artículo 54 del Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al COVID-19, legitima a que, ante determinadas circunstancias, en los procedimientos de concesión de subvenciones se pueda ampliar los plazos de ejecución de la actividad subvencionada.

La suspensión de la actividad formativa presencial durante el estado de alarma, de una parte ha interrumpido el desarrollo de los itinerarios en ejecución y de otra ha distorsionado la planificación que habían diseñado las entidades beneficiarias. Por ello, resulta preciso ampliar dichos plazos, habiendo tenido en cuenta en dicha esti-

mación la duración media de las acciones formativas, el bajo grado de ejecución y la necesidad de replantear los proyectos a fin de ajustarlos a la situación actual. Por todo ello y sin perjuicio del obligado cumplimiento de los compromisos que rigen el marco financiero de los fondos europeos, se considera necesario aprobar una ampliación general del plazo de ejecución de los proyectos hasta 31 de diciembre de 2022.”

Xa que logo, a Resolución de 5 de agosto de 2020, establece no seu apartado Séptimo (Prazo de execución dos proxectos):

“Las entidades beneficiarias tendrán de plazo para realizar las actuaciones de los proyectos subvencionados hasta el 31 de diciembre de 2022. Las ampliaciones de plazo que en su caso se pudieran conceder, en ningún caso podrán exceder del 31 de marzo de 2023.

En el resto de extremos, se estará a lo dispuesto en el apartado decimocuarto de la Resolución de 23 de marzo de 2018.”

De acordo co anterior, a data límite inicialmente establecida na convocatoria (31 de decembro de 2021) perdería toda virtualidade a tenor do establecido no apartado Sétimo da Resolución do 5 de agosto de 2020, ditada pola Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, para adopción de medidas que permitan facer fronte ao impacto da crise sanitaria provocada pola COVID-19 na execución dos proxectos financiados pola convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables.

Xa que logo, a limitación establecida na cláusula 7 do PCAP que establece “...un prazo de execución estimado de 1 ano e 9 meses, debendo rematar o 30/09/2021...” carecería de sentido ao abeiro do apartado Sétimo da dita norma, xa que a xustificación do prazo de execución do contrato ven determinado pola necesidade de impartir a formación específica en desenvolvemento do Programa VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL, e, polo tanto, unha vez permitida a ampliación do programa ata o 31 de decembro de 2022 (con posibilidade de ampliacións de prazo que no seu caso se poidesen conceder sen exceder do 31 de marzo de 2023), deixa sen efecto automaticamente a dita limitación establecida no PCAP.

(...)

O esforzo desenvolvido polo servizo de Desenvolvemento Local e polas entidades de formación adxudicatarias deu como resultado que se poidesen desenvolver a maior parte das accións formativas previstas no contrato cun alto grao de participación do alumnado.

O pasado 15 de marzo, efectuouse satisfactoriamente a auditoría de verificación sobre o terreo das actuacións enmarcadas no proxecto levadas a cabo pola asistencia técnica externa da subdirección xeral de cooperación local, do Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

Neste punto de desenvolvemento do proxecto, a situación actual é que restan todavía 3 das 21 edicións formativas previstas no procedemento que non é posible calendarizar pola duración dos itinerarios e, ademáis, como consecuencia das últimas incidencias acontecidas no desenvolvemento do proxecto por mor da pandemia, córrese un serio risco de que as últimas accións formativas calendarizadas non se poidan rematar antes do límite do 30 de setembro (ao terse que suspender, recentemente, durante varios días dúas accións formativas en marcha polos positivos en COVID19 detectados entre docentes e o alumnado).



Concello de Vigo

Xa que logo, cómpre a modificación do presente prego a fin de poder garantir a prestación da formación obxecto do contrato no período de execución establecido inicialmente no prego (1 ano e 9 meses) suprimindo a data límite do 30 de setembro, por ter perdido a súa virtualidade a tenor da Resolución do 5 de agosto de 2020, o que permitiría dar cumprimento no prazo de execución inicialmente previsto na licitación para que os adxudicatarios poidan impartir as accións formativas obxecto do contrato (cómpre lembrar a este respecto que os contratos dos lotes asinados en primeiro lugar se formalizaron en data 11 de setembro de 2020, resultando a súa duración de pouco máis de 1 ano ata o 30 de setembro de 2021).

(...)

De conformidade cos fundamentos de feito e de dereito anteriormente expostos, resulta procedente a modificación da cláusula 7 do PCAP quedando reflectido como prazo de execución do presente contrato o de 1 ano e 9 meses inicialmente establecido, ao ter deixado sen efecto a limitación temporal establecida inicialmente (30 de setembro de 2021) logo da Resolución de 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se adoptan medidas para facer fronte ao impacto da crise sanitaria provocada pola COVID-19 na execución dos proxectos financiados pola convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables, que deixa sen efecto automaticamente a devandita limitación.

A suspensión da actividade formativa presencial durante o estado de alarma, que impediu o desenvolvemento dos itinerarios de formación e distorsionou a planificación deseñada polas entidades beneficiarias, xustifica a necesidade da modificación imprevista proposta a tenor do artigo 205.2.b) da LCSP por mor das circunstancias sobrevindas que eran imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, e tendo en conta que a necesidade da presente modificación se deriva de circunstancias que unha Administración dilixente non podería ter previsto, que non se altera a natureza global do contrato e que non implica unha alteración na súa contía, afectando unicamente á cláusula 7 relativa ao prazo de execución, na que se suprime a limitación do 30 de setembro de 2021 por mor da supresión automática operada por Resolución posterior do 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, mantendo inalteradas o resto de condicións ”.

Concorren neste caso as tres condicións esixidas legalmente:

1. A necesidade da modificación derívase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever:

A nova situación xerada polo COVID-19 constitúe unha circunstancia sobrevenida e imprevisible que no momento no que tivo lugar a licitación do contrato non se puido prever e que supuxo primeiro a suspensión do prazo de formalización e despois a solicitude dun cambio no tipo de formación que ata que foi autorizado demorou a formalización do contrato e polo tanto a data de inicio da execución.

2. A modificación non altera a natureza global do contrato:

O único aspecto a modificar é a data límite de finalización do contrato, a cal foi previamente modificada polo Organismo Intermedio, "Ministerio de Política Territorial y

Función Pública, área de proyectos de empleo, Dirección General de Cooperación Autonómica y Local", mediante Resolución de 5 de agosto de 2020.

3. A modificación do contrato non implica unha alteración na súa contía (artigo 206 da LCSP).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado trámite de audiencia aos contratistas, estes non formulan alegacións, do que infire que están conformes coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: poder finalizar as actividades de formación en desenvolvemento do Programa VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación non supón variación do prezo do contrato non é preciso compensar ao contratista.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, ao tratarse dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP) a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da súa aprobación ao contratista.

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato



Concello de Vigo

durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación sen custe económico non procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso especial en materia de contratación, no prazo dos quince días hábiles seguintes ao da súa publicación no perfil de contratante deste Concello, consonte ao disposto no artigo 44 e seguintes da LCSP.

Así mesmo poderá ser impugnado na vía xurisdiccional contencioso-administrativa, interpoñendo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” deixando sen efecto a limitación temporal establecida no apartado 4.A da FEC (30 de setembro de 2021) por mor da Resolución de 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se adoptan medidas para facer fronte ao impacto da crise sanitaria provocada pola COVID-19 na execución dos proxectos financiados pola convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables.

2º.- A modificación non implica custe económico, polo que non procede o reaxuste das garantías definitivas depositadas polos contratistas”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(511).- SEGUNDA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES DE COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6621/241.

Visto o informe de fiscalización do 14/06/21, dáse conta do informe-proposta de data 10/06/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP



Concello de Vigo

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 6 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

Segundo.- O 19 de setembro de 2019 a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a SCHINDLER, S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332) por un prezo total de 33.105,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.745,60 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O prazo do contrato é de dous anos.

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 27 de setembro de 2019 e a execución do contrato iniciouse o 1 de outubro.

Cuarto.- En data 17 de setembro de 2020 a XGL acordou modificar este contrato co obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do CEIP Carballal-Cabral. Esta modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 996,19 euros que representa un 3,01% do prezo primitivo do contrato.

Quinto.- En data 27 de abril de 2021 a xefa do servizo de Educación solicita o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da necesidade de incorporar o mesmo o ascensor do colexio público de ensino infantil e primario “García Barbón”.

Sexto.- Con data do 26 de maio de 2021 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de de mantemento de ascensores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do concello de vigo (expediente 22985-332), nos termos sinalados neste informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 306,52 euros, (IVE incluído), que aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230/2279900 e bolsa de vinculación. Esta modificación representa un 0,93% do prezo do contrato, sendo a porcentaxe de modificación total deste contrato de 4,03%.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Dar audiencia a SCHINDLER, S.A., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.

Sétimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, manifestou a súa conformidade en escrito de data 8 de xuño de 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.



Concello de Vigo

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato para “o incremento ou diminución do número de ascensores a manter” (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar o incremento ou diminución das labores de mantemento (apartado 15.B da FEC) e establecéndose como límite que a modificación non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC). A modificación obxecto deste informe ven motivada pola necesidade de incluír, na relación de ascensores a manter, o ascensor do CEIP “García Barbón”. Informa o respecto a xefa do servizo, en data 27 de abril de 2021 o seguinte:

“O colexio público de ensino infantil e primario “García Barbón” en data 14-04-2021 (doc.210060647) solicita que o Concello se faga cargo do ascensor do centro. Este ascensor foi instalado no colexio pola Xunta de Galicia no mes de outubro de 2020 e foi posto en funcionamento no mes de xaneiro de 2020, facéndose cargo do mantemento a empresa instaladora polo período de un ano. Finalizado dito período a

empresa mantenedora comunica ao centro que xa non vai a seguir realizando o mantemento.

A instalación deste novo ascensor conleva incrementar o número de ascensores a manter.

En base ao exposto, resulta procedente a modificación do contrato ao obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do CEIP García Barbón, o cal ten as seguintes características:

Edificio	Dirección	Tipo	Accesos	RAE	Vel. (m/s)	Prazas	Carga	Fabricante
CEIP GARCIA BARBÓN	Serafín Avendaño 20	1 ascensor eléctrico	4	31932	1	8	630 kg	Otis

O prezo da modificación dende o mes de xuño de 2021 ata a data de finalización do contrato 30 de setembro 2021 sería de 306,52.- € (76,63 €/mes por 4 meses), resultado de dividir o prezo do contrato entre o número de ascensores recollidos no anexo I do PPT, que son 18, e os meses do contrato, 24 meses, do que resulta un prezo de mantemento mensual de cada ascensor de 76,63 €.

(Tras a modificación do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local en data 17 de setembro de 2020 son 19 os ascensores obxecto deste contrato).

Con cargo á partida orzamentaria 3230 22 79 900 e bolsa de vinculación”.

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, obedece ao incremento das labores do mantemento pola inclusión na relación de ascensores a manter do ascensor do CEIP Garcia Barbón.
- Supón un incremento do prezo do contrato de 306,52 euros, que equivale a un 0,93% do prezo do contrato. Dado que este contrato xa foi modificado a porcentaxe de modificación total deste contrato de 4,03%, polo tanto, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía,



Concello de Vigo

illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).

- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado o trámite de audiencia o contratista, esta manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: garantir, durante a vida útil dos aparatos elevadores, o mantemento dos mesmos en óptimas condicións de funcionamento e seguridade, de cara a evitar ou reducir as avarías ou fallos que provoquen a interrupción do servizo ou dificulten a súa operatividade, en base as competencias propias previstas no artigo 25.2.n da LBRL *“Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar cas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”*.

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizo é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 306,52 euros no exercicio 2021, que imputaranse á aplicación orzamentaria 3230/2279900 e bolsa de vinculación.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación sen custe económico non procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

A competencia para o inicio do procedemento de modificación está delegada na concelleira delegada de Contratación, segundo acordo de data 20 de xuño de 2019.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do



Concello de Vigo

seguinte **acordo**:

1º.- Modificar o contrato de mantemento de ascensores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do concello de Vigo (expediente 22985-332), incorporando o mesmo o ascensor do colexio público de ensino infantil e primario "García Barbón".

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 306,52 euros, (IVE incluído), que aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230/2279900 e bolsa de vinculación. Esta modificación representa un 0,93% do prezo do contrato, sendo a porcentaxe de modificación total deste contrato de 4,03%.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(512).- DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPTE. 6620/241.

Visto o informe de fiscalización do 07/06/21, dáse conta do informe-proposta de data 14/06/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de axuda no fogar (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de axuda no fogar (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 18 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Segundo.- O 29 de setembro de 2016 a XGL acordou adxudicar a CLECE, SA, por un prezo total de 18.079.556,53 euros e un prezo unitario de 14,07 euros (IVE incluído).

Terceiro.- Con data do 19 de outubro de 2016 formalizouse o contrato. Segundo o estipulado na cláusula 4 do contrato, o prazo fixébase en catro anos iniciándose a prestación o mesmo día da sinatura e con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- En data 30 de novembro de 2018, a XGL acordou:

“1º.- Tomar coñecemento da proposta de modificación do contrato do servizo de axuda no fogar nos termos que constan no informe emitido pola xefa do servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura do servizo de Benestar Social e o xefe de área de Benestar Social de data 19 de setembro de 2018, que consistirán nun incremento do seu importe anual de 1.807.955,65 euros, que se distribuirían orzamentariamente segundo o indicado no informe do Servizo de Benestar Social de data 19 de setembro de 2018:

- Ano 2018: incrementaríase o orzamento en 352.819,44 €.
- Ano 2019: incrementariase o orzamento en 1.807.955,65 €.
- Ano 2020: incrementariase o orzamento en 1.455.136,21 €..

2º.- Previamente á adopción do acordo de modificación, remitir o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame preceptivo, de conformidade co previsto na Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

3º.- De informarse favorablemente a proposta de modificación polo Consello Consultivo, simultaneamente a súa aprobación:

a) Autorizar o gasto correspondente á modificación, que supón un incremento do seu importe anual en 1.807.955,65 euros euros, que se distribuirían orzamentariamente:

- Ano 2018: incrementaríase o orzamento en 352.819,44 €.
- Ano 2019: incrementariase o orzamento en 1.807.955,65 €.
- Ano 2020: incrementariase o orzamento en 1.455.136,21 €.

Este importe pódese cargar á partida nº 2310.227.99.01 “Prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

b) Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

c) Formalizar por escrito a presente modificación.



Concello de Vigo

4º.- Comunicar aos interesados que o prazo de resolución do presente expediente queda suspendido ao abeiro do disposto no artigo 22.1.d da LPAC.”

O 29 de abril de 2019 formalizouse esta modificación.

Quinto.- En data 18 de outubro de 2020 rematou este contrato.

Sexto.- En data 15 de febreiro de 2021, D. José Vicente Ortega Rey, en nome e representación de CLECE, solicitou a devolución da garantía definitiva constituída mediante aval para responder do contrato do SAF, así como a do aval complementario constituído para o reaxuste da citada garantía tras a modificación do contrato citada no apartado cuarto destes antecedentes. Por resolución do Concelleiro de Orzamentos e Facenda de 2 de marzo do mesmo ano acordouse a devolución dos avais:

- CVD 201900027391 de data 16/04/2019 por importe de 173.841,89 €
- CVD 201900044561 de data 25/06/2019 por importe de 869.209,45 €

En data 10 de marzo procedeuse a cancelación dos avais mediante ordes de pago CVD 202100014562 de 173.841,89 euros e CVD202100014563 de 869.209.45 euros.

Sétimo.- Con data do 31 de marzo de 2021 D^a Blanca de Benito Arranz, en representación de CLECE, S.A. presenta escrito (documento nº 210051032) no que solicita a modificación do contrato do servizo de axuda no fogar (SAF) (expte. 121.736-301) “mediante el incremento del precio/hora del servicio de ayuda a domicilio fijándolo en 14,37Euros/hora, sin IVA, desde 14 de marzo de 2020 hasta 18 de octubre de 2020, y abonar, en concepto de atrasos, la diferencia de precio/hora existente entre el facturado durante este período (desde 14 de marzo de 2020 a 18 de octubre de 2020), y el precio/hora modificado”. Así mesmo, solicita “la apertura de un período de prueba en el que practicar prueba documental, consistente en la aportación definitiva al expediente administrativo de los documentos adjuntos a esta reclamación”.

Oitavo.- En data do 28 de maio de 2021 o xefe da Área de Benestar informa que “O contrato para a prestación do servizo de Axuda no Fogar coa empresa CLECE SA rematou o 18 de outubro do 2020. A prestación do servizo mantívose ata o 30 de novembro do 2020 nas mesmas condicións”. Así mesmo, o servizo xestor incorpora ao expediente 6.620-241 a seguinte comunicación dirixida a CLECE, S.A., enviada o 19 de novembro de 2020:

“En relación á continuidade da súa empresa na prestación do SAF polo tempo imprescindible desde a finalización do contrato o pasado 18.10.2020, pola presente comunícolle que a data prevista de inicio da prestación do Servizo polo novo contratista será o vindeiro 1 de decembro do 2020. Por este motivo, o 30 de novembro de 2020 será o último día de prestación do SAF no Concello de Vigo por parte de CLECE S.A.

O que lle comunico para os efectos de que faciliten ó novo contratista, SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, SLU, toda a documentación necesaria e prevista para proceder á subrogación do persoal e garantir a continuidade do Servizo”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

A modificación do contrato obxecto deste informe recóllese no PCAP na cláusula 33 e no apartado 16 do Anexo I -FEC-. No entanto, antes de proceder o análise de se a modificación proposta por CLECE, S.A., ten encaixe na regulación do prego, é preciso por de releve que o primeiro presuposto para a modificación dun contrato é que este exista.

Segundo o artigo 221 do TRLCSP os contratos se extinguirán polo seu cumprimento ou por resolución.

O cumprimento está regulado no artigo 222 do mesmo corpo legal nos seguintes termos:

“ Artículo 222 Cumplimiento de los contratos y recepción de la prestación

1. El contrato se entenderá cumplido por el contratista cuando éste haya realizado, de acuerdo con los términos del mismo y a satisfacción de la Administración, la totalidad de la prestación.
2. En todo caso, su constatación exigirá por parte de la Administración un acto formal y positivo de recepción o conformidad dentro del mes siguiente a la entrega o realización del objeto del contrato, o en el plazo que se determine en el pliego de cláusulas administrativas particulares por razón de sus características. A la Intervención de la Administración correspondiente le será comunicado, cuando ello sea preceptivo, la fecha y lugar



Concello de Vigo

del acto, para su eventual asistencia en ejercicio de sus funciones de comprobación de la inversión.

3. En los contratos se fijará un plazo de garantía a contar de la fecha de recepción o conformidad, transcurrido el cual sin objeciones por parte de la Administración, salvo los supuestos en que se establezca otro plazo en esta Ley o en otras normas, quedará extinguida la responsabilidad del contratista. Se exceptúan del plazo de garantía aquellos contratos en que por su naturaleza o características no resulte necesario, lo que deberá justificarse debidamente en el expediente de contratación, consignándolo expresamente en el pliego.

4. Excepto en los contratos de obras, que se regirán por lo dispuesto en el artículo 235, dentro del plazo de treinta días a contar desde la fecha del acta de recepción o conformidad, deberá acordarse y ser notificada al contratista la liquidación correspondiente del contrato, y abonársele, en su caso, el saldo resultante. No obstante, si la Administración Pública recibe la factura con posterioridad a la fecha en que tiene lugar dicha recepción, el plazo de treinta días se contará desde que el contratista presente la citada factura en el registro correspondiente. Si se produjera demora en el pago del saldo de liquidación, el contratista tendrá derecho a percibir los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales”.

Analizando os antecedentes deste contrato apreciase que o contrato rematou o 18 de outubro de 2020. No presente caso, pola natureza das prestacións, non se fixou un prazo de garantía (apartado 11 da FEC). Consecuentemente, rematado o contrato e liquidado o mesmo, o contratista solicitou a devolución do aval. Acordada esta por resolución do Concelleiro de Orzamentos e Facenda procedeuse o pago, mediante orde de pago CVD202100014562 e CVD202100014563 de 10 de marzo.

Se ben a lei, por resultar obvio, non di que os contratos vencidos non poderán modificarse, do artigo 105, que regula a modificación dos contratos, pode inferirse a sensu contrario este requisito do parágrafo segundo do apartado 1 ao dicir que “*En calquera outros supostos, se fose necesario que a prestación se executase en forma distinta á pactada, inicialmente deberá procederse á resolución do **contrato en vigor** e á celebración de outro baixo as condicións pertinentes*”. Como pode apreciarse, parte da existencia dun contrato en vigor para poder modificalo.

Dos actos de CLECE dedúcese que non ignora que o contrato ten finalizado. De feito, solicitou a devolución do aval. Non se entende, pois, que solicite unha modificación do prezo unitario de hora do contrato, unha vez que este xa está liquidado. Se a pandemia xerada polo COVID-19 orixinoulle maiores custes o momento de esixilos era durante a vixencia do contrato, non unha vez rematado.

Á vista do exposto, procede denegar a modificación proposta.

-III-

Do período de proba

Prevé o artigo 77 da LPAC que “os feitos relevantes para a decisión dun procedemento

poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en Dereito, cuxa valoración se realizará de acordo cos criterios establecidos na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil". "O instrutor do procedemento só poderá rexeitar as probas propostas polos interesados cando sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias, mediante resolución motivada".

Pois ben, a solicitude da proba proposta por CLECE, S.A. resulta manifestamente improcedente e innecesaria dada a imposibilidade de iniciar a modificación deste contrato polos motivos expostos no fundamento xurídico anterior. De nada serve xustificar a necesidade de modificar un contrato se este xa está extinguido e resulta imposible modificalo.

-IV-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación. No caso do exercicio da prerrogativa de modificación do contrato é preciso o cumprimento de dous trámites previos á adopción do acordo polo órgano de contratación:

- Informe da asesoría xurídica (artigo 114.3 TRRL en relación coa disposición adicional 8ª apartado e da LBRL e da disposición adicional segunda do TRLCSP).
- Fiscalización do gasto correspondente (artigo 102 RLCAP).

Se ben, no caso que nos ocupa, dado que non procede a tramitación do expediente de modificación contractual, non procede nin o informe da Asesoría nin a fiscalización da proposta, pois esta non xera gastos á facenda municipal.

-V-

Proposta de resolución

A vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar a solicitude formulada o 31 de marzo de 2021 por Dª. Blanca de Benito Arranz, en representación de CLECE, S.A. (documento nº 210051032), de modificación do contrato do servizo de axuda no fogar (SAF) (expediente. 121.736-301) por ter finalizado o contrato o día 18 de outubro de 2020, segundo o disposto no artigo 105 do TRLCSP.

2º.- Desestimar a solicitude formulada no citado escrito de apertura do período de proba por resultar manifestamente improcedente e innecesaria consonte o artigo 77 da LPAC.

3º.- Notificar este acordo ao interesado".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

8(513).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2021. EXPTE. 25175/332.

Visto o informe de fiscalización do 09/06/21, dáse conta do informe-proposta do 25/05/21, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, o xefe do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPA) achegou con data de 14 de maio de 2021 a través do Rexistro electrónico do Concello (Código Solicitud W550973-9397 e n.º de doc. 210084682) unha solicitude para proceder á tramitación do convenio 2021 entre o Concello de Vigo e a Foanpa, para coadunar á financiación dos seus gastos de funcionamento e xestión, contribuir á financiación da realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das Anpas dos centros públicos de ensino infantil e primario pertencentes a esta Federación no ano 2021.

A esta solicitude xúntase a seguinte documentación:

- Estatutos Foanpas.
- Tarxeta de Identificación Fiscal.
- Anexo I de realización de Actividades Extraescolares e Taller Matinal.
- Anexo II co informe e memoria económica.
- Declaración xurada de que FOANPAS é unha entidade sen ánimo de lucro.
- Declaración xurada onde a presidenta declara que ten capacidade xurídica para contratar coa Administración Pública (Concello de Vigo) e que non ten ningunha incompatibilidade para contratar según a Lei 30/2007 de 30 de Outubro.
- Declaración da presidenta de que FOANPAS non está incurso en ningunha prohibición para ser beneficiaria das subvencións pola Lei galega 9/2007 de subvencións de Galicia, do 13 de xuño.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 11/05/2021.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 11/05/2021.
- Declaración xurada da presidenta de que FOANPAS non ten débedas coa Consellería de Facenda, Axencia Tributaria de Facenda, Tesorería da Seguridade Social e o Concello de Vigo.
- Certificado da conta de FOANPAS.
- Declaración da presidenta de FOANPAS xustificando as axudas e subvencións solicitadas e/ou concedidas neste ano 2021.
- Certificado do Concello de Vigo co número de rexistro de FOANPAS no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Certificado do Secretario da Federación coa relación dos membros da Xunta Directiva aprobados en assemblea.

LEXISLACION APLICABLE

- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas(LPAC).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- RD 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e regulamento de desenvolvemento.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF).
- Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación para o ano 2021.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Obxecto: O presente expediente ten por obxecto a aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPA para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeiro orde nun intre no que motivado pola pandemia sanitaria e crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sana e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercizo físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

2.- Procedemento de concesión directa: Respecto da concesión de subvención o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A cantidade de 606.039,31 euros está prevista nominativamente no vixente orzamento municipal, concretamente na aplicación orzamentaria 3260.489.00.01 "Convenio Foanpa" (art. 22.2.a LXS).

A previsión da subvención como nominativa nos orzamentos municipais implica que se seguiu o procedemento de tramitación e aprobación dos orzamentos previsto nos arts. 168 e 169 do TRLRFL (de carácter público e deliberativo no Pleno municipal) e que os ditos fondos públicos están destinados a un beneficiario concreto e afectados a un propósito, finalidade ou actividade específica.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros e comedor" que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrència ven motivada porque todas as posibles beneficiarias desta subvención, é dicir, todas as Anpas legalmente constituídas dos centros de ensino público de infantil e primaria da nosa cidade, están integradas na FO-ANPA sendo esta última a única federación de Anpas públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O interese público, social e educativo, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei en atención á singularidade da entidade beneficiaria.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o 31 de decembro de 2021, sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

3.- Competencia: A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e Art. 80.1 e Art. 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo

sistema de financiación autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais". A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da suscripción dun convenio de colaboración coa FOANPA, que é a federación das ANPAS imprantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPA están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concréntanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2021.

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Foanpa, supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrompido en exercizos anteriores dende hai máis de dezasete anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, **e dita entidade ten presentado a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W550973-9397 en data 14/05/2021 e co nº de doc. 210084682** a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado á favor da Foanpa con carácter previo á xustificación, que ven motivado pola necesidade desta entidade de



Concello de Vigo

dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxugar na financiación dos gastos de funcionamento e xestión da Foanpa, contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das Anpas de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2021. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e froitíferos dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa Foanpa. Esta última ven actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das Anpas dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal na antigas instalacións da Escola de Educación Infantil "O Nogal" (rúa Nogal, n.º 8) que lle permita á Foanpa un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademais da obrigada presentación por parte da Foanpa dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por elo, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a Foanpa, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

4.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan: Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao Concelleiro Delegado de Educación.

Pola outra parte, asinará o convenio Dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA).

5.- Tramitación electrónica: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

6.-Publicidade: O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

7.- Recursos: De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa. Segundo os artigos 132 e 142 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía

administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Á vista do exposto, coa conformidade do Concelleiro de Educación e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do **proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPA) para o ano 2021**, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2021.

2º.- Autorizar o gasto de **606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS)** a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPA (CIF: G-36.743.946), como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria **3260.489.00.01** (Convenio FOANPA) que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo para o ano 2021.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Educación, D. Gorca Gómez Díaz para asinar o citado convenio para o caso de ser necesario substitución do Alcalde-Presidente.

4º.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2021”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil vinte e un



Concello de Vigo

REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

*Doutra, Dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. **25175-332**.*

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuito e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos. A Lei Orgánica para a Modificación da Lei Orgánica da Educación (LOMLOE) tamén rein-

vindica o papel activo e implicación das familias, fomentando a obrigatoriedade das familias de respectar a todos os compoñentes da comunidade educativa, ademáis de participar de forma cooperativa naqueles proxectos educativos e tarefas que se lles propoñan dende o centro educativo, sobremaneira aquelas actividades que involucren ás familias en temas de igualdade, violencia de xénero ou diversidade cultural.

Polo tanto, as distintas leis educativas como a LOE, a LOMCE e a LOMLOE, consideran a educación como o medio máis axeitado para garantir o exercizo da cidadanía democrática, salientando o papel das familias como primer axente educativo dos nenos/as. Igualmente neste marco legal educativo recóllese esta necesidade e recomendación do papel activo e implicación das familias, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por elo a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xorder no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

III.- Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

IV.- Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano **2021**, na súa partida 3260.489.00.01 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **606.039,31.-€**, a favor da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA). O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros e comedor" que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

V.- Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPA e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2021.

VI.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. **25175-332**.



Concello de Vigo

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), o Concello de Vigo e a FOANPA conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inxedanzas e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1.- Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.
- 2.- Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.
- 3.- Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPAS de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.
- 4.- Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.
- 5.- Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.
- 6.- Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.
- 7.- Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.
- 8.- En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1.- Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA), unha subvención por importe de **606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS)** pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas:

•**PRIMEIRO PAGO:** anticipado por importe de **200.000,00.-€** coa asinatura do convenio e antes do 15 de xullo.

•**SEGUNDO PAGO:** por importe de **203.019,65.-€** e antes do 30 de setembro.

•**TERCEIRO PAGO:** por importe de **203.019,66.-€**, á presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

2.- O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na antiga Escola Infantil Municipal "O Nogal" (rúa Nogal n.º 8), que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realízase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPA deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- A FOANPA xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo da rede de comedores escolares adscritos, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A Foanpa e Anpas asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, deberán ter en conta á normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades, son de plena responsabilidade da Foanpa, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.



Concello de Vigo

Quinto.- O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e para a tramitación do mesmo a Foanpa deberá achegar previamente a correspondente declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias recollidas no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións, igualmente será necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abono á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercizo económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaron tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.137.440,00.- euros (128.100,00.-€ dos gastos anuais de xestión da Foanpa, 328.500,00.-€ dos gastos das actividades extraescolares e talleres matinais e 1.680.840,00.-€ dos gastos de comedores escolares).

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Sexto.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación Olívica de Nais e Pais de Vigo e comarca (FOANPA) está obrigada a relacionarse electrónicamente co Concello de Vigo, polo que para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poderán consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- *No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*

Asimesmo, a FOANPA, a través de calquera que sexa o medio de difusión, adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento municipal, comprometéndose a que na difusión das actividades, na edición de materiais gráficos, na páxina web, nas presentacións públicas e nos soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre as actividades obxecto do presente convenio, conste a colaboración explícita do Concello de Vigo, que deberá ter en conta a obrigatoria inclusión do logo institucional do Concello de Vigo, naqueles casos que proceda.

Noveno.- *Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPA deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Décimo.- *O presente convenio estenderá o seu período de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021, e non será prorrogable. Polo tanto, serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.*

Décimo primeiro.- *O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta —a Federación— é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAS ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.*

Décimo segundo.- *Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, a Xefa do Servizo de Educación, un Técnico do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario, e presidida polo Concelleiro de Educación.*

En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométense a remitir cuberto á FOANPA, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2021, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e taller matinal, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.



Concello de Vigo

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo terceiro.- *A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por elo, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPA, o servizo municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos documentos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.*

Décimo cuarto.- *A FOANPA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo quinto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- *Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a FOANPA no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

Décimo sétimo.- *Os datos persoais do representante da FOANPA, indispensables para a xestión deste convenio incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar o "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e País de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPA), para o ano 2021".*

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Convenio, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial (BDNS). Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo oitavo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).*

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeráse polo estipulado neste, aplicándose os principios da Lei 9/2017 de 8 de novembro, Lei de Contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.”

9(514).- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2021. EXPTE. 10655/224.

Visto o informe de fiscalización do 08/06/21, dáse conta do informe-proposta do 21/05/2021, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, pola concelleira-delegada de Área, a asesora xurídica do servizo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do día 25.02.2021 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2021.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 91.000,00€ (noventa e un mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 2311.4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse nos Boletín Oficial da Provincia os días 10.03.2021 e 16.03.2021, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 17 de marzo e rematou o 31 de marzo de 2021.



Concello de Vigo

Recibíronse solicitudes correspondentes a 52 entidades na sede electrónica do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas, requírese a documentación necesaria ás entidades que presentaran a solicitude incompleta. Todas as entidades presentaron a documentación requirida na forma e prazo. Segundo o estipulado na base sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base quinta.

Toda vez que as bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 3.000 € (apartado 2 da Base Oitava), as entidades solicitantes acreditan estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D^a Mar Soto García, axente de Igualdade e D^a Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, que ademais actúa como secretaria. A Comisión constituíuse o día 20 de maio de 2021 con obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na base sétima da convocatoria. (Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e dúas táboas: unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos proxectos, o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas, e unha táboa co resumo das contías concedidas).

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á partida *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos proxectos desenvolvidos ao abeiro do *“Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2021”*, por un importe total de noventa mil novecentos noventa

e nove euros con noventa e seis céntimos (90.999,96 €); constando no anexo I que se incorpora, a relación de entidades, proxectos e contía das axudas concedidas.”

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do programa:

a) Porque a materia e contido do proxecto coincide con programas municipais obxecto de contratación pola Concellería de Igualdade (apartado 2.6 da base 5ª); o proxecto realízase en centros de ensino onde se están a desenvolver programas municipais de igualdade e prevención da violencia de xénero (apartados 2.f da base 5ª); e ademais o proxecto non reúne as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo (apdo. I da base 5.2):

- Asociación “Asociación Axuda ao/a Toxicómano/a Érguete”, con CIF: G36642726. Proxecto “Educando na igualdade”. Expediente 10.760-224.

b) Porque a materia do proxecto non se axusta aos obxectivos da convocatoria (apartado 2.I da base quinta); e por considerar que o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo (apartado 2.e. da base quinta):

- “Orquesta Clásica de Vigo”, con CIF: G36688422. Proxecto: “Ciclo de conferencias musicadas. Mulleres compositoras na historia de música.”. Expediente 10.766-224.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

4º.- Notificar o acordo ás persoas interesadas, con indición de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍAS CONCEDIDAS

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA:
G36627453	Asociación Viguesa de Alcohología ASVIDAL	Construe VII
G28197564	Asociación Española contra el cáncer Vígo	Moito que gañar. Programa de modificación de hábitos e recuperación psicofísica
G36380301	Asociación Diagnosticadas de Cancro de Mama	Promoción da saúde das mulleres diagnosticadas de cancro
G27739861	Asociación Cultural Traspés	Recoñecemento da figura feminina na conservación do patrimonio inmaterial galego
G36697324	Down Vigo. Asoc. Síndrome de Down	Muller. Educación para a saúde
G36998896	Fundación Cluster de Conservación de Productos del Mar	VII Xornadas divulgativas do papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro
G36861078	Fundación Érguete Integración	Proxecto DANA
G36648988	AVCD San Xurxo de Saiáns	Cerámica de iniciación IV
G36659894	AVV de San Roque	Manter en forma o estado físico. Pilates
G36640985	AVV As Nosas Rúas de Vígo	Adestra e recupera a túa memoria
G36633618	AVCD Consumidores e Usuarios de Lavadores	Coñecemento da percusión galega
G27745397	Fundación para la pesca y marisqueo FUNDAMAR	VII Xornadas divulgativas do papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA:
G36810752	Asoc. Mulleres Xestas	Deseños Florais Vanguardistas
G36628543	Asoc. Cultural e Deportiva Xestas	Taller contemporáneo de arranxo floral
G36821817	Asoc. Amas de casa e consumo Agarimo	Taller de alimentación saudable e benestar emocional
G27718907	Asoc. Nós Mesmas	Orgullo Crítico LGTBI+Vigo 2021
G36802536	Asociación de Ayuda a la Vida AYUVI	Mulleres na primeira liña
G36691855	AVCR San Mamede de Zamáns	Dálle unha segunda vida á roupa vella
V36658680	CRC de Cabral	Restauración e decoración do moble. Perfeccionamento parte 2.
G36820637	Asociación Galega Amigas/os do Rocío de Vigo	Curso de Pandereteiras 2020-2021
G27727593	Asoc. Acción Solidaria de Galicia	Mulleres con moito que dicir III
G36632081	A VVde Beade AVCU-CSCR	Taller contemporáneo de arranxo floral
G15383011	Unión Xeral de Traballadores/as UXT	XXV Anos de reivindicación da muller traballadora
G36648640	AVSC e Deportiva de San Miguel de Oia	Actividades de promoción da muller
G36842284	Asociación Veciñal Praza da Miñooca	Mellorar o estrés pandémico a través do autocoidado e a tecnoloxía

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA:
G36928646	Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos	Consciencia emocional
G36627495	CRA e Cultural de Coruxo	Plan Muller en Coruxo 2021
G36648996	Sociedad Cultural Recreativa de Pardavila	Vivir en Igualdade
G36709004	A Veciñal Doutor Fleming	A Igualdade día a día
G36619468	Asoc. de Mulleres Dorna	Vivir en Igualdade
G15103112	Sindicato Nacional de CC OO Galicia	XXV Anos de reivindicación da muller traballadora
G15220577	Asociación Gallega de Hemofilia	Empoderhemos 2021. Proxecto dirixido a mulleres con coagulopatías conxénitas
G27712306	Asociación de Mulleres en Igualdade Vigo	+ Ciencia en Feminino
G36649325	A VV de Sárdoma O Carballo	Vivir en igualdade
G36729796	A VV Feira Cabral	Vivir en Igualdade
G36706927	Confederación Intersindical Galega CIG	Guía para Plans de Igualdade en empresas.
G36617082	CCAR de Valadares	Ocúpate, consérvate e divértete. Teñámonos en conta.
G36622835	Asociación de persoas sordas de Vigo	Aprendendo a convivir co cancro de mama.

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA:
G36654184	A C S e Deportiva O Freixo	Actividades para a muller 2021
G36648608	A V Emilio Crespo de Navia	Autocoidado físico e emocional das mulleres
G01796184	Asociación Mulleres e Palabras	Todas somos lilás. Atopa o teu matiz. Unamos os matices
G15849318	Fundación CIP	Formación para a incorporación da perspectiva de xénero cualificada
G36776920	AFAGA Alzheimer	Proxecto de fomento da corresponsabilidade na atención a persoas con Alzheimer
G27728658	Faraxa pola abolición da prostitución	Pre-Vente Vigo
G27813146	Asociación Galega Afectados/as VIH/SIDA	Somos Xuntas
G27826999	Asoc. Empresarias de Galicia	Liderado con alma
G27746486	Asociación Xaruma	Formación en igualdade
G36684991	A VV As Fontes de Lavadores	Vivir en Igualdade
G15773013	Asoc. CNG da Marcha Mundial das Mulleres	Accións para a promoción da Igualdade
G36817385	Escola de Tempo Libre Xaruma	Accións formativas de ETL Xaruma



Concello de Vigo

10(515).- PROXECTO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DA EXPOSICIÓN “XELA ARIAS. A POESÍA DO RETRATO”. EXPTE. 2935/334.

Visto o informe xurídico do 08/06/21 e o informe de fiscalización do 09/06/2021, dáse conta do informe-proposta de data 24/05/21, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

- Con data 6 de maio de 2021, a Xunta de Goberno Local (XGL) adoptou o seguinte acordo:

- 1. A aprobación da solicitude dunha subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para a realización da exposición **XELA ARIAS. A POESÍA DO RETRATO**. Mostra de 40 fotografías de Xela e 40 poemas da autora: 40 retratos dialogando con 40 creacións poéticas.*
- 2. Subvención por un total de DEZ MIL SETECENTOS DEZASEIS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS- (10.716,97 euros, IVE incluído).*

Acordo adoptado consonte co referido no expediente 2909-334.

- A materialización da devandita solicitude de subvención vai realizarse coa sinatura de convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo coa finalidade e orzamento sinalado no acordo da XGL.

- Tras lle enviar, na data 11/05/2021, á Deputación a documentación requirida para levar a cabo a citada sinatura (memoria, acordo da XGL, declaración de non estar incurso o Concello nos supostos de prohibición para percibir subvencións...), recibimos proposta de convenio por parte da Deputación Provincial de Pontevedra na data 19/05/2021.

- Proposta que achegamos para a súa aprobación pola XGL.

Con base no anterior, solicitámoslle á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- 1. A aprobación do convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra para a realización da exposición **XELA ARIAS. A POESÍA DO RETRATO**. Mostra de 40 fotografías de Xela e 40 poemas da autora: 40 retratos dialogando con 40 creacións poéticas.*

- 2. Convenio que ten un orzamento total de DEZ MIL SETECENTOS DEZASEIS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS-(10.716,97 euros, IVE incluído) que será achegado integramente e consonte cos termos establecidos no amentado convenio, pola Deputación Provincial de Pontevedra.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA EXPOSICIÓN “XELAARIAS. A POESÍA DO RETRATO”.

No Pazo provincial da Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra (CIF 3600000H), na representación legal que desta lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, Dona Eugenia Dolores Blanco Iglesias, concelleira-delegada de Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), na representación legal que desta administración municipal lle atribúe o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. Actúa na condición de concelleira-delegada de acordo coas resolucións do alcalde-presidente do 18/06/2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26/06/2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as (apartado terceiro, punto 5).

E actuando dona Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria de Goberno Local do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

EXPOÑEN

I.-Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.-Que a promoción da cultura se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

III.-Que o artigo 31 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encoméndalles ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Así mesmo, o artigo 118 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúelles ás deputacións provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.



Concello de Vigo

IV.-Que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

V.-Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 5 proclama o galego como lingua propia e oficial de Galicia. Asemade establece o deber de potenciar a utilización desta lingua por parte das administracións públicas. A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, engade a eses preceptos, no art. 25 o deber, para o goberno galego e as corporacións locais, de fomentar a normalización do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Ao tempo, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 9.3 determina como bens do patrimonio inmaterial A LINGUA, vehículo do patrimonio cultural inmaterial, regulada pola súa normativa específica.

Asemade o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, nas súas respectivas ordenanzas de normalización lingüística, proclaman o carácter de propio e oficial da lingua galega.

VI.-Que a lingua galega e cultura de noso teñen unha data sinalada no calendario para a súa celebración. A Real Academia Galega consagrou o 17 de maio como Día das Letras Galegas en 1963, como “unha xornada oficialmente adicada a honrar os nosos libros”, acordo acadado o 28 de abril dese mesmo ano. Dende esa data, celébrase a creación literaria en galego e a propia lingua de noso e dende a propia institución decídese o autor ou autora á que se lle dedica anualmente esta data conmemorativa que neste ano 2021, a escritora homenaxeada é XELARIAS, voz salientable da poesía galega, definida a súa como poesía “singular, transgresora e comprometida” en palabras recollidas do propio acordo da RAG.

VII.-Que as administracións galegas están a se sumar aos actos de homenaxe ás figuras literarias homenaxeadas, e asemade organizan actos propios para pór en relevo a obra, traxectoria do autor ou autora conmemorado así como a creación en lingua galega.

A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo queren desenvolver, ao longo deste ano 2021, actividades tendentes a estender o coñecemento da poeta Xela Arias, da súa obra e da súa contribución á renovación da poesía galega.

Ambas as dúas administracións locais, Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, manifestan o seu desexo de colaborar na difusión da figura, obra e traxectoria de Xela Arias, así como do papel rompedor que a súa poesía tivo no panorama cultural galego.

Na traxectoria de Xela Arias poemas e retratos conxúganse e presentan un feito diferenciado do seu estilo e obra poética. Xa daquela, considérase axeitado unha proposta expositiva que reúne estes dous elementos sobranceiros da poeta.

Unha proposta na que se mestura o retrato (fotografías de Xulio Gil) e a poesía de Xela, ao viren acompañadas as imaxe da poeta con cadanseu poema. Unha exposición de “40 retratos dialogando con 40 poemas”, na que a propia familia de Xela Arias colabora.

VIII.-Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2021, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

IX.-Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos seus obxectivos es-

tratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, normalizadoras da lingua galega, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervinientes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento da organización da exposición XELA ARIAS. A POESÍA DO RETRATO que se desenvolverá na cidade de Vigo no segundo semestre deste 2021, no museo municipal VERBUM.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO DO CONVENIO

O importe ao que se refire o presente convenio atende ás necesidades de desenvolvemento do citado evento cultural, que conta cun orzamento total de DEZ MIL SETECENTOS DEZASEIS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (10.716,97 €).

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, que se obriga a sufragar o seu custo ata a cantidade máxima de DEZ MIL SETECENTOS DEZASEIS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (10.716,97 €), con IVE, consonte coa seguinte distribución:

Entidade	Anualidade	Total
Deputación de Pontevedra	2021	10.716,97 €

O pagamento realizarase contra a aplicación 21/942.9420.462.14 do orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios [Vigo e Pontevedra]).

No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar durante este ano 2021 e consonte coas obrigas de financiamento recollidas na cláusula segunda deste convenio de colaboración.

2º.- Ao Concello de Vigo correspóndelle o outorgamento do contrato de servizos para a completa realización de actividades programada.

O Concello de Vigo remitirá unha copia de dito contrato á Deputación Provincial.

3º.- No procedemento de contratación o Concello de Vigo axustará a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.



Concello de Vigo

4º.- A Administración municipal remitirá á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto deste convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

6º.- En todo caso, a achega ao Concello de Vigo farase efectiva mediante transferencia bancaria, que será librada tras a presentación da correspondente factura ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial. Esta xustificación deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende o fin das actuacións. Asemade, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación do asinante;
- Informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello;
- Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
- Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
- Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
- Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;
- Declaración responsable de que os ingresos e gastos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio, dos ingresos obtidos e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custo da actividade;
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

O Concello deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento dos deberes tributarios, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pago débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2021, desde o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- A destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos. A Deputación Provincial de Pontevedra poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

- ▮ Obter os correspondentes permisos e tramitar perante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- ▮ Xustificar perante a Deputación as actuacións ás que se refiren as prestacións executadas mediante a presentación da documentación acreditativa dos gastos.
- ▮ Comunicarlle á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado estatal ou internacional, con expresión da súa contía.
- ▮ Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- ▮ Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no seu artigo 11. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- ▮ Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade máxima de DEZ MIL SETECENTOS DEZASEIS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (10.716,97 €), con IVE, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.
- ▮ Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Resolución Presidencial número 2017008767 do 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 €.

SEXTO.- PUBLICIDADE

A acción obxecto de subvención deberá garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución do 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. Para tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



Concello de Vigo

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou/e organismos internacionais. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación creárase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- ▣ A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- ▣ Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- ▣ Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- ▣ Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- ▣ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2021.

DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.-O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.-O acordo unánime das persoas asinantes.
- 3º.-O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento seralle comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.-Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.-Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

11(516).- PROPOSTA PARA A CREACIÓN DO REXISTRO DE FUNCIONARIOS PÚBLICOS HABILITADOS NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 37754/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 31/05/21, asinado pola técnica de Xestión, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Conforme a disposición final sétima da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, de 02/10/2015), na súa redacción modificada pola disposición final novena do Real Decreto-lei 28/2020, de 22 de setembro, de traballo a distancia, a partir da data 2 de abril de 2021 producen efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único.

II.- Conxuntamente, o Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos (BOE núm. 77, de 31/03/2021), establece a entrada en vigor o 2 de abril de 2021, conforme a súa disposición final quinta.



Concello de Vigo

III.- En concreto, no caso do rexistro electrónico de funcionarios/as públicos/as habilitados/as, nos supostos nos que un cidadá non dispoña dos medios electrónicos de identificación e/ou acreditación da vontade precisos para a realización dun determinado trámite ante o Concello de Vigo, un funcionario/a municipal poderá suplir dita carencia empregando os seus medios propios de identificación e autenticación. Previamente, o cidadá deberá identificarse e prestar o seu consentimento expreso, do que deberá quedar constancia.

IV.- A tal efecto, procede a determinación do persoal ao servizo do Concello de Vigo habilitado para suplir á cidadanía nas operacións de identificación e/ou firma electrónica, de acordo co previsto na presente resolución. Conxuntamente, deben determinarse os funcionarios/as habilitados/as para a expedición de copias auténticas.

V.- A información do rexistro de funcionarios/as públicos/as habilitados figurará a disposición da cidadanía no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo, en liña co forte compromiso coa transparencia e a ética pública no goberno e na xestión dos intereses da súa veciñanza.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante LPAC), establece no seu artigo 13 os dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas, especificando que as persoas teñen dereito a ser asistidas no uso de medios electrónicos nas súas relacións coas Administracións Públicas.

O art. 14 da LPAC dispón que as persoas físicas poderán elixir en todo momento a forma de comunicación coas Administracións Públicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigas, a través de medios electrónicos ou non, establecendo tamén os suxeitos que están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas. Neste caso, estes colectivos poden ser ampliados regulamentariamente conforme o previsto nos artigos 14.3 e 16.5 da Lei.

Resultando que, para o caso dos suxeitos non obrigados a relacionarse por medios electrónicos coa Administración, o art. 12 da LPAC prescribe igualmente, que as Administracións Públicas os asistirán no uso de medios electrónicos cando así o soliciten, especialmente no uso dos medios de identificación e firma electrónica, presentación de solicitudes a través do rexistro electrónico e obtención de copias auténticas.

De este modo, no caso de que algún dos interesados non obrigados ao uso de medios electrónicos non dispoña dos medios precisos, a súa identificación ou firma electrónica en procedemento administrativo poderá ser validamente realizada por un funcionario público mediante o uso do sistema de firma electrónica do que conste dotado para elo. Neste caso, o interesado debe identificarse ante o funcionario e prestar o seu consentimento para esta actuación, do que deberá quedar constancia para os casos de discrepancia ou litixio.

Ao respecto, as Administracións Públicas deben manter actualizado un rexistro, ou outro sistema equivalente, no que constarán os funcionarios habilitados para a identificación ou firma regulada neste artigo. Estes rexistros ou sistemas deben ser plenamente interoperables e estar interconectados cos das restantes Administracións, aos efectos de comprobar a validez das citadas habilitacións. Neste rexistro ou sistema equivalente, ao menos, constarán os funcionarios que prestan servizos nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

Adicionalmente, o art. 27 da LPAC, establece que as Administracións Públicas poden realizar copias auténticas dos documentos públicas administrativos ou privados mediante funcionario habilitado ou mediante actuación administrativa automatizada, nos termos establecidos no seu apartado 4. A tal efecto, deberá manterse actualizado un rexistro, ou sistema equivalente, no que constarán os funcionarios habilitados para a expedición de copias auténticas que deberán ser plenamente interoperables e estar interconectados cos das restantes Administracións, aos efectos de comprobar a validez da citada habilitación. Neste rexistro ou sistema equivalente, ao menos, constarán os funcionarios que prestan servizos nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

No marco do art. 9.2 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, de 31/10/2015), en todo caso, o exercicio das funcións que implican a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas corresponden exclusivamente aos funcionarios públicos, nos termos que a lei de desenvolvemento de cada Administración Pública estableza. En concreto, o art. 22 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (BOE núm. 123, de 23/05/2015) especifica as funcións e postos de traballo reservados ao persoal funcionario.

O recente Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, establece no seu art. 30, en relación co procedemento de identificación ou firma electrónica mediante persoal funcionario público habilitado, de acordo co previsto no artigo 12.2 da LPAC, que o funcionario habilitado entregará ao interesado toda a documentación acreditativa do trámite realizado, así como unha copia do documento de consentimento expreso cuberto e asinado, formulario que estará dispoñible no Punto de Acceso Xeral Electrónico da respectiva Administración.

En relación coas solucións tecnolóxicas que deben ser implantadas, establece no seu art. 2 os principios que debe respectar o sector público nas súas actuacións e relacións electrónicas. No marco do principio de neutralidade tecnolóxica e de adaptabilidade ao progreso das tecnoloxías e sistemas de comunicacións electrónicas, debe garantirse a independencia na elección das alternativas tecnolóxicas precisas e a liberdade para implantar os avances tecnolóxicos nun ámbito de libre mercado.

No caso do tratamento de datos de carácter persoal, tanto dos funcionarios habilitados como da cidadanía, deberá realizarse no marco da actual Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, de 06/12/2018).

II.- Xustificación da necesidade e urxencia

Considerando que a habilitación dos funcionarios/as e a creación do Rexistro de funcionarios/as públicos/as habilitados/as que deban asistir aos interesados nas súas relacións por



Concello de Vigo

medios electrónicos co Concello de Vigo, ten o seu marco xurídico na LPAC e, en concreto, nos artigos 12, 13, 14, 16, 27, 53 e 66, así como no Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, en particular no seu artigo 30.

Conxuntamente, cabe citar a Orde HAP/7/2014, de 8 de xaneiro, pola que se regula o Rexistro de funcionarios habilitados para a identificación e autenticación de cidadáns no ámbito da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes así como a súa nova redacción que se atopa en proceso de elaboración tendo en conta o artigo 31 do dito Real Decreto 203/2021, dada a súa vocación de marco xurídico xeral na implantación da administración electrónica en relación co rexistro de funcionarios habilitados.

A partir da data 2 de abril de 2021, conforme a disposición final sétima da LPAC producen efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único.

Conforme a este marco legal e regulamentario, esta resolución ten por obxecto regular a creación e o funcionamento do Rexistro de Funcionarios/as Públicos/as Habilitados/as para a identificación ou firma electrónica e para a expedición de copias auténticas, en materia de asistencia no uso de medios electrónicos aos interesados/as no Concello de Vigo.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 h) en relación coas decisións en materia de persoal que non estean expresamente atribuídas a outro órgano; previa a conformidade da Xefa da Área de recursos humanos e formación e da Sra. Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Proceder a creación do rexistro electrónico de funcionarios/as públicos/as habilitados/as, para a identificación ou firma electrónica e para a expedición de copias auténticas, en materia de asistencia no uso de medios electrónicos as persoas interesadas no Concello de Vigo. O rexistro vaise a implantar tecnoloxicamente mediante solución ou aplicación informática que garanta en todo caso a seguridade e interoperabilidade do mesmo. Conxuntamente, dita implantación terá en conta os principios de neutralidade tecnolóxica e de adaptabilidade ao progreso das tecnoloxías e sistemas de comunicacións electrónicas. O rexistro poderá ser incorporado a ferramenta habilit@, unha vez figure dispoñible.

SEGUNDO: Determinar que os funcionarios/as habilitados/as designados/as como tales no Anexo I, que forma parte inseparable do presente acordo, exercerán as súas funcións en beneficio das persoas físicas non obrigadas a relacionarse electronicamente, para realizar os trámites oportunos nas oficinas competentes do Concello de Vigo.

A designación de novos funcionarios/as habilitados/as realizarase mediante credencial, conforme ao modelo que figura como Anexo II que forma parte inseparable do presente acordo, e alta en ferramenta electrónica.

Poderán ser habilitados tanto o persoal funcionario de carreira como o persoal funcionario interino, en servizo activo, aos que se refiren os apartados a) e b) do artigo 8.2 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo en conta o artigo 9.2. do antedito texto refundido.

Coa excepción dos supostos de modificación, suspensión e/ou baixa no rexistro, o marco temporal da habilitación ten vixencia indefinida, sempre tendo en conta o marco legal de aplicación. Non obstante, dita habilitación poderá ser revocada, en calquera momento, polo órgano competente para a súa concesión.

TERCEIRO: Dispor que o contido do rexistro será o seguinte:

- Nome e apelidos da persoa funcionaria.
- Documento Nacional de Identidade, Número de Identidade de Estranxeiro, Pasaporte ou documento equivalente.
- Código da oficina na que presta servizos.
- Posto de traballo que desempeña (denominación e código).
- Data de alta no Rexistro de Funcionarios Habilitados.
- Data de modificación do tipo de habilitación, no seu caso.
- Data de suspensión da inscrición, cando proceda, consignándose data de inicio de dita suspensión e, no seu caso, fin da mesma, así como o motivo que ocasiona a suspensión.
- Data de baixa no Rexistro de Funcionarios Habilitados e causa da cancelación da habilitación (por extinción da relación de servizo, por traslado ou cambio de posto, ou por outra causa, con especificación da mesma), no seu caso.

O contido actualizado do rexistro deberá figurar en todo momento a disposición das persoas interesadas. Adicionalmente, os datos de altas, baixas e posibles modificacións no rexistro serán notificadas aos respectivos funcionarios, no seu caso.

Os datos persoais dos funcionarios/as habilitados/as serán publicados e tratados de acordo coas previsións establecidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e, en concreto, coa orientación para a aplicación provisional da disposición adicional sétima da devandita lei, no caso da publicación de documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente.

CUARTO: Considerar, de conformidade coa normativa aplicable, como requisito imprescindible para que as citadas persoas interesadas se beneficien da actuación, por substitución, de funcionario/a habilitado/a, que se identifiquen ante o mesmo, verificando a identidade da persoa interesada mediante a comprobación do seu nome e apelidos que consten no documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente, debendo prestar posteriormente consentimento expreso para cada trámite conforme modelo que figura como Anexo III, formando parte inseparable do presente acordo. Das referidas actuacións quedará constancia no correspondente expediente. Así mesmo, o/a funcionario/a habilitado/a entregará á persoa interesada toda a documentación acreditativa do trámite realizado, así como



Concello de Vigo

unha copia do documento de consentimento expreso cuberto e asinado, formulario que estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo.

QUINTO: Establecer que as actuacións e trámites que poderán ser efectuadas mediante funcionario/a público/a habilitado/a, aos efectos de asistencia ás persoas interesadas na identificación e firma electrónica, limítanse ao previsto na lexislación básica sobre procedemento administrativo común, sen que dita acción afecte de ningún xeito ao resto de trámites que correspondan á persoa interesada á que substitúe, tanto nesta Corporación como ante outras Administracións Públicas, nin á vontade, coñecemento ou responsabilidade derivadas das actuacións daquela.

Os funcionarios habilitados non terán responsabilidade algunha nin do contido da documentación achegada polas persoas interesadas nin da veracidade do que declaren nin do cumprimento dos requisitos esixidos en cada unha das solicitudes, trámites ou procedementos.

SEXTO: Habilitar, con carácter xeral, ao persoal funcionario que presta servizo nas oficinas de asistencia en materia de rexistros do Concello de Vigo aos efectos de asistencia aos interesados/as na identificación e firma electrónica.

Adicionalmente, poderase habilitar ao persoal funcionario que presta servizo noutras unidades administrativas con carácter xeral ou, individualizadamente, por causa da tramitación dun determinado procedemento administrativo que así o requira.

SÉTIMO: Aprobar os formularios adxuntos ao presente acordo e que forman parte inseparable do mesmo, como Anexos II e III relativos, respectivamente, ao modelo de credencial do funcionario/a habilitado/a expedido polo/a Titular da fe Pública, conforme ao establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e ao consentimento expreso do cidadá para a súa identificación e a autenticación por funcionario/a habilitado/a.

O modelo de consentimento expreso figurará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello de Vigo.

OITAVO: Dispor que as actuacións de identificación electrónica por substitución farán referencia expresa ao presente acordo e os seus Anexos, como título habilitante acreditativo do cumprimento dos requisitos legalmente esixibles.

NOVENO: Incorporar as previsións do presente acordo á sede electrónica do Concello de Vigo.

DÉCIMO: Informar que contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, ou calquera outro que se estime procedente en Dereito."

ANEXOS

Anexo I: Inscripción no rexistro público electrónico de funcionarios/as públicos/as habilitados/as do Concello de Vigo

Anexo II: Modelo de habilitación de funcionario/a público/a no Concello de Vigo

Anexo III: Modelo de consentimento expreso do interesado/a para a súa identificación e autenticación por funcionario/a público/a habilitado/a no Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I.- Inscripción no rexistro público electrónico de funcionarios/as habilitados/as do Concello de Vigo

De conformidade co apartado SEGUNDO da Resolución que antecede, se adscribe ao rexistro público de funcionarios/as habilitados/as do Concello de Vigo aos seguintes empregados públicos que prestan servizos actualmente no mesmo, sen perxuízo dos supostos de modificación, suspensión e/ou baixa no rexistro:

Código oficina	Apellidos, Nome	DNI/NIE/ Pasaporte	Posto de traballo (denominación e código)
232	Comesaña Trigo, X. V.	***9284**	Xefe oficina OAR (administrativo)
232	González Ucha, J. M.	***4638**	Xefe negociado INFORMACION (administrativo)
232	Pereira Antonio, M.	***7031**	Administrativa OAR
232	Fernández Alvarez, M. M.	***0290**	Administrativa OAR
232	Rodríguez Miguélez, S.	***8562**	Administrativa OAR
232	Díaz Iglesias, J. M.	***3478**	Auxiliar Administrativo (OAR)
232	Escudero Martínez, L.	***0922**	Auxiliar Administrativo (OAR)
232	Blanco Bejega, M. D.	***4676**	Auxiliar Administrativo (OAR)
232	Paz Piñeiro, A.	***5265**	Auxiliar Administrativo (OAR)
232	Vila Rodríguez, A.	***7993**	Auxiliar Administrativo (OAR)
232	Costas Sousa, M.	***8805**	Auxiliar Administrativo (OAR)
232	Coto Justo, V.	***8128**	Auxiliar Administrativo (OAR)
232	Serrano Vilaríño, E.	***1197**	Auxiliar Administrativo (OAR)
232	García Villasante, J. M.	***5128**	Auxiliar Administrativo (OAR)
232	Román Celada, O.	***3325**	Técnica de Xestión (OAR)



Concello de Vigo

502	Antanon Sobrado, R.	***7566**	Técnico de Administración Xeral rama económica
513	Balea García, A.	***4363**	Auxiliar Administrativa
511	Bragado Rodríguez, M. J.	***5095**	Auxiliar Administrativa
502	Comesaña Rial, M.	***3364**	Axentes Tributarios
512	Costas Aran, C.	***7708**	Administrativa
500	Costas Montero, S.	***2993**	Xefa Oficina Administrativa Dir. Ingresos
511	Domínguez González, C.	***6967**	Auxiliar Administrativa
503	Fernández Arias, A.	***9031**	Xefa Negociado Xestión Catastral
500	Fernández Guimerans, M.	***2349**	Auxiliar Administrativa
502	Fernández Pedreira, E. A.	***4272**	Axentes Tributarios
502	Fragua Jamardo, V.	***3601**	Axentes Tributarios
514	González Arias, O.	***6293**	Auxiliar Administrativa (Interina)
514	Martínez Area, M. J.	***8002**	Administrativa
513	Martínez Loira, B.	***9720**	Xefa Negociado Lixo Vivenda
516	Landín Lorenzo, A.	***9165**	Administrativa
517	Otero Méndez, M. I.	***0933**	Administrativa
502	Pérez Barreira, P.	***6465**	Administrativa
513	Quirós García, A. M.	***0532**	Auxiliar Administrativa
510	Rielo Franco, R.	***6707**	Administrativa
502	Román del Arco, P.	***6447**	Técnico de Administración Xeral
510	Varela Ballesteros, P.	***7632**	Técnico Medio de Servizos Económicos
502	Vázquez Míguez, J. C.	***9014**	Técnico Medio de Servizos Económicos
541	Santalo Rodríguez, R. M	***9929*	Auxiliar Administrativa
541	Martínez-Murillo Campos, M. C.	***9691**	Administrativa

ANEXO II.- Modelo para a habilitación de funcionario/a público/a no Concello de Vigo

D/D^a

NIF/NIE.....

TITULAR DA FE PÚBLICA MUNICIPAL

ACREDITA A:

D/D^a

NIF/NIE.....

ADSCRITO/A AO SERVIZO.....

Como funcionario/a público/a habilitado/a para a identificación e firma das persoas interesadas nos trámites e actuacións electrónicas nos que resulte necesaria á utilización de sistemas de identificación e/ou firma electrónica dos que aqueles carezan.

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

ANEXO III.- Modelo de consentimento expreso da persoa interesada para a súa identificación e autenticación por funcionario/a público/a habilitado/a no Concello de Vigo

NIF/NIE/Pasaporte: _____ Nome e apelidos: _____

Teléfono 1: _____ Teléfono 2: _____

Correo electrónico: _____

Nome da rúa, praza, etc.: _____ Nº/Portal/Escaleira/Piso/Porta: _____

Cód. Postal: _____ Municipio: _____ Provincia: _____

ACTUANDO:

EN NOME PROPIO ف

:EN REPRESENTACIÓN DE ف

NIF/NIE/Pasaporte: _____ Nome e apelidos: _____

Teléfono 1: _____ Teléfono 2: _____



Concello de Vigo

Correo electrónico: _____

Nome da rúa, praza, etc.: _____ Nº/Portal/Escaleira/Piso/Porta: _____

Cód. Postal: _____ Municipio: _____ Provincia: _____

DECLARA: Que non dispón de medios de identificación e/ou firma electrónica e que OUTORGA O SEU CONSENTIMENTO, por esta única vez, para a identificación e autenticación por o/a funcionario/a público/a habilitado/a abaixo asinante, para a realización do seguinte trámite ou actuación administrativa electrónica:

.....

Funcionario/a público/a con identificación:

Nome e apelidos: _____

NIF/NIE/Pasaporte: _____

En Vigo a..... de..... de 20...

O/A INTERESADO/A

O/A FUNCIONARIO/A HABILITADO/A

INSTRUCCIÓN

Para cubrir e tramitar o consentimento expreso do/a interesado/a para a súa identificación e autenticación por funcionario/a habilitado/a, atenderase as seguintes instrucións:

- Verificación da identidade do interesado/a mediante a comprobación do seu nome e apelidos que consten no Documento nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente.
- Cubrirase un exemplar por cada trámite ou actuación electrónica que o interesado desexe realizar a través de funcionario público habilitado, consignado en cada caso todos os datos que se requiren no presente modelo de formulario.
- Ao efectuar o trámite, o/a funcionario/a habilitado/a presentará ao interesado/a copia impresa do formulario previa introdución dos datos no sistema de información que de soporte ao mesmo para que o/a interesado/a de a súa conformidade mediante firma no impreso, antes de proceder á actuación.
- O/a funcionario/a público/a habilitado/a entregará ao interesado/a unha copia do presente documento cuberto e asinado por ambas partes, conxuntamente co xustificante ou recibo da súa anotación no Rexistro Electrónico de documentos.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, L. O. 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposición de aplicación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e

portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, perante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, dirixirse ao correo dpd.vigo@vigo.org

12(517).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE ALZADA EN RELACIÓN COA FASE DE CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE 15 PRAZAS DE BOMBEIRO EN QUENDA LIBRE DA OEP 2017-18-19. EXPTE. 37829/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/06/21, asinado polo secretario e a presidente do órgano de selección do proceso selectivo da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo dos anos 2017, 2018 e 2019, correspondente ás prazas de bombeiro, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española do 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Leais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 12 de marzo de 2020 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 (1ª fase: Sarxento extinción de incendios, Bombeiro, Conductor-Bombeiro, Inspector policía local, Policía Local), aprobou as bases xerais destes procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas e postos que configuran a 1ª fase desta Oferta Pública de Emprego.

Segundo.- O órgano de selección adoptou nas sesións que tiveron lugar nas datas 01 e 06 de febreiro de 2021 acordos de valoración dos méritos achegados polos aspirantes que se encontraban no expediente electrónico do proceso selectivo, a este acordo se lle dou a correspondente publicidade na web municipal o 3 e 6 de febreiro de 2021, respectivamente, dándolle aos aspirantes tres días hábiles para interpoñer reclamacións. A valoración de méritos do reclamante era de 2 puntos.

Terceiro.- O día 08.02.2021 o aspirante mediante documento nº 210018214 presenta a súa reclamación á valoración de méritos e solicita se lle teña en conta a documentación de méritos que aporta e en consecuencia se modifique a valoración correspondente.

O órgano de selección mediante acordo de data 18.02.2021 desestimou a reclamación presentada polo aspirante ao entender que:



Concello de Vigo

Motivo: Alega que o 04/10/2020 achegou certificación de servizos prestados para acreditar experiencia profesional para ter en conta na fase de concurso: certificados de servizos prestados na Deputación Foral de Álava, Concello de Donostia, Concello de Vitoria-Gasteiz.

Acordo: A Base Décimo Terceira.- Presentación de Documentación, parágrafo sexto, das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO, 07/07/2020), sinala a documentación que teñen que presentar os aspirantes para acreditar os méritos:

“(…). Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.”

No caso concreto que nos ocupa, o aspirante achegou documento acreditativo de servizos prestados en Administracións públicas do País Vasco, pero non achegou a “vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social” esixida pola citada base para a valoración dos méritos.

Por tanto, o órgano de selección desestimou a reclamación.

Cuarto.- Con data 26.03.2021, D. Xurxo Sanda Macho presenta recurso de alzada documento nº 210049210 no que solicita que se recoñezan os méritos alegados e acreditados con certificados de servizos prestados de administracións públicas de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo, .

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O artigo 121 da Lei 39/2015 establece en relación ao recurso de alzada que:

"Obxecto.

1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.

Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fixese o nomeamento do seu presidente.

2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior."

Segundo.- Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.

Terceiro.- O recorrente en alzada invoca en alzada o artigo 28.2. da L. 39/2015 e o dereito a non aportar documentos que obren en poder das administracións públicas, indica que o tri-

bunal aplica o parágrafo sexto da base décimo terceiro sen ter en conta o parágrafo cuarto da base décima; de seguido critica a actuación do órgano de selección na valoración dun mérito doutro aspirante, pero non o impugna.

Neste sentido é de ter en conta que o artigo 112 da Lei 39/2015, que sinala os principios xerais dos recursos administrativos, establece no seu número 1 que:

"Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os interesados poderán interpor os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei. A oposición aos restantes actos de trámite poderá ser alegada polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento."

O recorrente no seu recurso de alzada non sinala en cal dos motivos de nulidade ou anulabilidade dos previstos nos artigos 47 e 48 da Lei Lei 39/2015 basea os seu recurso, non en tanto, fanse as seguintes consideracións:

O principio xurídico de que as bases da convocatoria dun proceso selectivo constitúen a propia lei da convocatoria e vinculan tanto aos participantes coma a Administración é inveterado na nosa xurisprudencia como manifestación do principio de seguridade xurídica e sometemento da Administración ao principio de legalidade, cítase a título de exemplo a Sentenza 711/2019 de 28 de maio de 2019 no Recurso 90/2017 do TS , Sala 3º do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª.

Considerando este principio o órgano de selección interpretou a Base Décimo Terceira "Documentación" que establece:

"Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición os/as aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.

.....

Para a xustificación dos méritos o/a aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla tivesen facilitado antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá aportar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia autenticada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso non procederá a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do concurso.

O órgano de selección poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados".

Por tanto, de conformidade coas bases que rexen a convocatoria o aspirante tiña a obriga de achegar tanto as certificacións de servizos prestados doutras administracións públicas (como así o fixo) como a vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social o que non aportou. Trátase de actuacións voluntarias que debe realizar o aspiran-



Concello de Vigo

tes para acreditar os méritos e que non pode investigar a administración e, moito menos, cando non se dirixiu a Administración municipal para que efectuara tal consulta na seguridade social.

As bases que rexente o proceso selectivo foron aprobada polo órgano competente e publicadas na forma legalmente prevista, polo que son firmes en vía administrativa e deben aplicarse polo órgano de selección imperativamente. O parágrafo sexto da base décimo terceira das xerais que rexen o proceso selectivo é o único apartado das bases, tanto xerais como específicas, que regula a forma de achegar a documentación para acreditar os méritos, polo que é o que aplicou este tribunal.

Á vista do exposto, procede ratificar os motivos de desestimación, xa que o recorrente en alzada non desvirtúa en ningún caso os motivos que levaron a este órgano de selección á desestimación da reclamación e segue a considerar que o aspirante debía presentar xunto coa documentación acreditativa dos méritos, unha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social antes da finalización do prazo de presentación de instancias, o que non fixo o recorrente.

Cuarto.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada presentado polo aspirante D. Xurxo Sanda Macho, documento nº 210049210, con data 26.03.2021 no que solicita que se recoñezan os méritos alegados e acreditados con certificados de servizos prestados de administracións públicas de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo para a provisión en propiedade de doce prazas de funcionario de carreira bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 (BOE nº 247.16.09.2020). Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

"PRIMEIRO: Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Xurxo Sanda Macho o día 26 de marzo de 2021, documento nº 210049210, no que solicita que se recoñezan os méritos alegados e acreditados con certificados de servizos prestados de administracións públicas de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo, para a provisión en propiedade de doce prazas de bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 (BOE nº 247.16.09.2020) polas razóns xurídicas expostas.-

SEGUNDO: Contra este acordo que pon fin a vía administrativa, consonte os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique este acordo.""

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(518).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE ALZADA EN RELACIÓN COA FASE DE CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE 15 PRAZAS DE BOMBEIRO EN QUENDA LIBRE DA OEP 2017-18-19. EXPTE. 37830/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/06/21, asinado polo secretario e a presidente do órgano de selección do proceso selectivo da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo dos anos 2017, 2018 e 2019, correspondente ás prazas de bombeiro, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española do 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Leais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 12 de marzo de 2020 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 (1ª fase: Sarxento extinción de incendios, Bombeiro, Conductor-Bombeiro, Inspector policía local, Policía Local), aprobou as bases xerais destes procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas e postos que configuran a 1ª fase desta Oferta Pública de Emprego.

Segundo.- O órgano de selección adoptou nas sesións que tiveron lugar nas datas 01 e 06 de febreiro de 2021 acordos de valoración dos méritos achegados polos aspirantes que se encontraban no expediente electrónico do proceso selectivo, a este acordo se lle dou a correspondente publicidade na web municipal o 3 e 6 de febreiro de 2021, respectivamente, dándolle aos aspirantes tres días hábiles para interpoñer reclamacións. A valoración de méritos do reclamante era de 0 puntos.

Terceiro.- O día 03.02.2021 o aspirante mediante documento nº 210018214 presenta a súa reclamación á valoración de méritos e solicita se lle teña en conta a documentación de méritos que aporta e en consecuencia se modifique a valoración correspondente, xa que segundo relata cando presentou a instancia na web do concello non se podía aportar ningún tipo de documentación e despois non se lle requiriu desde a Administración ou o Tribunal de valoración.

O órgano de selección mediante acordo de data 17.03.2021 desestimou a reclamación presentada polo aspirante ao entender que:

A Base “*Décimo Tercera.- Presentación de Documentación*” da xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).



Concello de Vigo

O alegante non se lle valorou ningún mérito todo vez que a documentación acreditativa destes aportouna en data 28/01/2021 (doc. 210013939) cando xa tiña rematado o prazo legalmente establecido, polo que foi presentada fóra de prazo ou extemporaneamente.

Cuarto.- O día 2.03.2021 o aspirante presenta solicitude de aclaración sobre a interpretación das bases do proceso selectivo (doc.210033619).

O órgano de selección na sesión que tivo lugar o 12 de marzo de 2021 acordou inadmitir a súa solicitude, por canto o órgano de selección xa resolveu sobre as reclamacións formuladas á fase de concurso sen que lle corresponda facer interpretacións xenéricas sobre as bases do proceso selectivo respecto desta fase do concurso que xa resolveu definitivamente. Con todo o órgano de selección considerou que o acordo adoptado definitivamente sobre as reclamacións á valoración da fase de concurso estaba debidamente motivado xustificando e axustado a dereito.

Quinto.- Con data 17.03.2021, D. Brais Comesaña Martínez presenta recurso de alzada documento nº 210043606 no que solicita sexan recoñecidos como presentados os méritos remitidos e valorados de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O artigo 121 da Lei 39/2015 establece en relación ao recurso de alzada que:

"Obxecto.

1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.

Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fíxese o nomeamento do seu presidente.

2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior."

Segundo.- Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.

Terceiro.- O recorrente en alzada alega os mesmos motivos de impugnación xa expostos na súa reclamación previa sen desvirtuar en modo algún fundamentos que levaron a este órgano de selección á desestimación da súa reclamación.

Neste sentido é de ter en conta que o artigo 112 da Lei 39/2015, que sinala os principios xerais dos recursos administrativos, establece no seu número 1 que:

"Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, produ-

cen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os interesados poderán interpor os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei. A oposición aos restantes actos de trámite poderá ser alegada polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento."

O recorrente no seu recurso de alzada non sinala en cal dos motivos de nulidade ou anulabilidade dos previstos nos artigos 47 e 48 da Lei Lei 39/2015 basea os seu recurso, non en tanto, fanse as seguintes consideracións:

O principio xurídico de que as bases da convocatoria dun proceso selectivo constitúen a propia lei da convocatoria e vinculan tanto aos participantes coma a Administración é inveterado na nosa xurisprudencia como manifestación do principio de seguridade xurídica e sometemento da Administración ao principio de legalidade, cítase a título de exemplo a Sentenza 711/2019 de 28 de maio de 2019 no Recurso 90/2017 do TS , Sala 3º do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª.

Considerando este principio o órgano de selección interpretou a Base Décimo Terceira "Documentación" que establece:

"Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición os/as aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.

.....

Para a xustificación dos méritos o/a aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla tivesen facilitado antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá aportar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia autenticada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso non procederá a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do concurso.

O órgano de selección poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados".

Á vista do exposto, procede ratificar nos motivos de desestimación, xa que o recorrente en alzada non desvirtúa en ningún caso os motivos que levaron a este órgano de selección á desestimación da reclamación e segue a considerar que o aspirante debía presentar a súa documentación acreditativa dos méritos que tivese a intención de alegar xunto coa vida laboral correspondente antes da finalización do prazo de presentación de instancias, sen ter que ser requirido pola Administración ou o Tribunal avaliador.

Cuarto.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada presentado polo aspirante D. Brais Comesaña Martínez, documento nº 210043606, con data 17.03.2021 no que solicita sexan recoñecidos como presentados os méritos remitidos e que se sexan valorados de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo para a provisión en propiedade de doce prazas de funcionario de carreira bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 (BOE nº



Concello de Vigo

247.16.09.2020). Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

"PRIMEIRO: Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Brais Comesaña Martínez o día 17 de marzo de 2021, documento nº 210043606, no que solicita sexan recoñecidos como presentados os méritos remitidos e que se sexan valorados de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo para a provisión en propiedade de doce prazas de bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 (BOE nº 247.16.09.2020) polas razóns xurídicas expostas.-

SEGUNDO: Contra este acordo que pon fin a vía administrativa, consonte os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique este acordo."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(519).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE ALZADA EN RELACIÓN COA FASE DE CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE 15 PRAZAS DE BOMBEIRO EN QUENDA LIBRE DA OEP 2017-18-19. EXPTE. 37831/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/06/21, asinado polo secretario e a presidente do órgano de selección do proceso selectivo da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo dos anos 2017, 2018 e 2019, correspondente ás prazas de bombeiro, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española do 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Leais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 12 de marzo de 2020 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 (1ª fase: Sarxento extinción de incendios, Bombeiro, Conductor-Bombeiro, Inspector policía local, Policía Local), aprobou as bases xerais destes procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas e postos que configuran a 1ª fase desta Oferta Pública de Emprego.

Segundo.- O órgano de selección adoptou nas sesións que tiveron lugar nas datas 01 e 06 de febreiro de 2021 acordos de valoración dos méritos achegados polos aspirantes que se encontraban no expediente electrónico do proceso selectivo, a este acordo se lle dou a correspondente publicidade na web municipal o 3 e 6 de febreiro de 2021, respectivamente, dándolle aos aspirantes tres días hábiles para interpoñer reclamacións. A valoración de méritos do reclamante era de 0 puntos.

Terceiro.- O día 04.02.2021 o aspirante mediante documento nº 210018880 presenta a súa reclamación á valoración de méritos e solicita se lle teña en conta a documentación de méritos que aporta e en consecuencia se modifique a valoración correspondente.

O órgano de selección mediante acordo de data 18.02.2021 desestimou a reclamación presentada polo aspirante nos seguintes termos:

Motivo: Indica que se lle valoraron os méritos con cero puntos. Que é bombeiro condutor no parque de bombeiros de Monforte de Lemos desde o 11/10/2012. Que non lle foi posible conseguir certificado de servizos presentados ó non existir a UTE Hasa Natutechnia para a que prestaba servizos. Que achega, agora, contrato de traballo inicial do 01/10/2012, vida laboral, certificación do consorcio de Lugo de servizos prestados do 01/05/2019 ó 08/10/2020.

Acordo: A Base “Décimo Terceira.- Presentación de Documentación” das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (neste caso, do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).

O parágrafo sexto da referida Base sinala a documentación que teñen que presentar os aspirantes para acreditar os méritos:

“(…). Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.”

Asemade, o parágrafo penúltimo da dita base sinala que *“non se pode aportar nova documentación para acreditar méritos só alegados”*.

Por tanto, o órgano de selección, como non podería ser doutra maneira, aplicou idéntico criterio para a valoración dos méritos de todos aspirantes admitidos no proceso selectivo de acordo co establecido na dita base, é dicir, que achegara a documentación no prazo de presentación de instancias achegando copia simple do documento acreditativo dos méritos e vida laboral actualizada.

O reclamante coa súa solicitude de participación no proceso selectivo de data 07/10/2020 achego documentación relativa a servizos prestados, pero non achegou a vida laboral expedida pola seguridade social, requisito imprescindible para valorar os servizos prestados. A nova documentación que achega co escrito de reclamación non pode valorarse ó resultar presentada fóra do prazo legalmente establecido.



Concello de Vigo

Por tanto, o órgano de selección desestimou a reclamación.

Cuarto.- Con data 15.03.2021, D. David José Álvarez Pedrosa presenta recurso de alzada documento nº 210041194 no que solicita que se lle modifique a puntuación da fases de concurso recoñecéndolle os méritos alegados e acreditados con certificados de servizos prestados de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O artigo 121 da Lei 39/2015 establece en relación ao recurso de alzada que:

"Obxecto.

1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.

Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fixese o nomeamento do seu presidente.

2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior."

Segundo.- Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.

Terceiro.- O recorrente en alzada invoca en alzada un erro manifesto pola súa parte habida conta que facer mención as base VII específicas de bombeiros a méritos en "Consorticios" de parques de bombeiros como era o seu caso entendía que non era necesaria a vida laboral expedida pola Seguridade Social.

Neste sentido é de ter en conta que o artigo 112 da Lei 39/2015, que sinala os principios xerais dos recursos administrativos, establece no seu número 1 que:

"Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os interesados poderán interpor os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei. A oposición aos restantes actos de trámite poderá ser alegada polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento."

O recorrente no seu recurso de alzada non sinala en cal dos motivos de nulidade ou anulabilidade dos previstos nos artigos 47 e 48 da Lei Lei 39/2015 basea os seu recurso, non en tanto, fanse as seguintes consideracións:

O principio xurídico de que as bases da convocatoria dun proceso selectivo constitúen a propia lei da convocatoria e vinculan tanto aos participantes coma a Administración é inveterado na nosa xurisprudencia como manifestación do principio de seguridade xurídica e somentemento da Administración ao principio de legalidade, cítase a título de exemplo a Sentenza 711/2019 de 28 de maio de 2019 no Recurso 90/2017 do TS , Sala 3º do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª.

Considerando este principio o órgano de selección interpretou a Base Décimo Terceira "Documentación" que establece:

"Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición os/as aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.

.....

Para a xustificación dos méritos o/a aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla tivesen facilitado antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá aportar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia autenticada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso non procederá a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do concurso.

O órgano de selección poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados".

Por tanto, de conformidade coas bases que rexen a convocatoria o aspirante tiña a obriga de achegar tanto as certificacións de servizos prestados doutras administracións públicas (como así o fixo) como a vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social o que non aportou. Trátase de actuacións voluntarias que debe realizar o aspirantes para acreditar os méritos e que non pode investigar a administración e, moito menos, cando non se dirixiu a Administración municipal para que efectuara tal consulta na seguridade social.

As bases que rexen o proceso selectivo foron aprobada polo órgano competente e publicadas na forma legalmente prevista, polo que son firmes en vía administrativa e deben ser aplicadas polo órgano de selección imperativamente. O parágrafo sexto da base décimo terceira das xerais que rexen o proceso selectivo é único apartado das bases, tanto xerais como específicas, que regula a forma de achegar a documentación para acreditar os méritos, polo que é o que aplicou este tribunal.

O órgano de selección, como non podería ser doutra maneira, aplicou idéntico criterio para a valoración dos méritos de todos aspirantes admitidos no proceso selectivo de acordo co establecido na dita base, é dicir, que achegara a documentación no prazo de presentación de instancias achegando copia simple do documento acreditativo dos méritos e vida laboral actualizada.



Concello de Vigo

Á vista do exposto, procede ratificar os motivos de desestimación, xa que o recorrente enalzada non desvirtúa en ningún caso os motivos que levaron a este órgano de selección á desestimación da reclamación.

Cuarto.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada presentado polo aspirante D. David José Álvarez Pedrosa, documento nº 210041194, con data 15.03.2021 no que solicita que se lle modifique a puntuación da fases de concurso recoñecéndolle os méritos alegados e acreditados con certificados de servizos prestados de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo para a provisión en propiedade de doce prazas de funcionario de carreira bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 (BOE nº 247.16.09.2020). Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

"PRIMEIRO: Desestimar o recurso de alzada interposto por D. David José Álvarez Pedrosa o día 15 de marzo de 2021, documento nº 210041194, no que solicita que se lle modifique a puntuación da fases de concurso recoñecéndolle os méritos alegados e acreditados con certificados de servizos prestados de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo para a provisión en propiedade de doce prazas de bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 (BOE nº 247.16.09.2020) polas razóns xurídicas expostas.-

SEGUNDO: Contra este acordo que pon fin a vía administrativa, consonte os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique este acordo."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(520).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRA DE "SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA". EXPTE. 312/441.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 14/06/21, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, a xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes.

1º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 3 de maio de 2019, acordou aprobar o proxecto de obras para o "SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA", redactado polo equipo técnico multidisciplinar de UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., e asinado polo Arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo e

polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos, cun orzamento base de licitación máis IVE de DEZASEIS MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS con VINTE E TRES CÉNTIMOS (16.996.554,23 €) e con sinatura dixital de datas 29 e 30 de abril de 2019”.

2º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 26 de setembro de 2019, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A., o procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)”.

3º.- En data 30 de outubro de 2019 formalizase o contrato das obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións”, entre o Concello de Vigo e a empresa UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A.

4º.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 3 de decembro de 2019 resolveu nomear como titulares da Dirección Facultativa das citadas obras á Enxeñeira Técnica de Obras Públicas M^a Francisca Arlandis Marra e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños.

5º.- En data 28 de novembro de 2019 asínase a acta de comprobación do replanteo, dando comezo as obras ao día seguinte.

6º.- Dende o inicio das obras producíronse varias suspensións temporais das obras coas seguintes xustificacións:

- Dende o 29 de novembro de 2019 ata o 22 de xaneiro de 2020, debido ao Bando na videño de Alcaldía, que prohibía a realización de calquera traballo ou obra que afectase á vía pública no ámbito da obra, entre as datas comprendidas entre o 10 de novembro ata o 20 de xaneiro, así como á falta de cumprimentación de diversos trámites de carácter administrativo.
- Dende o 21 de febreiro de 2020 ata o 26 de febreiro de 2020, por mor da celebración dos Carnavais.
- Dende o 30 de marzo de 2020 ata o 14 de abril de 2020, a causa do Covid-19.
- Dende o 8 de maio de 2020 ata o 19 de outubro de 2020, procede a paralización da execución da obra temporalmente ata a completa representatividade das actuacións do Anexo XII “auscultación e protección de edificacións e construcións” así como a adopción de medidas de seguridade nos edificios requiridos pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

7º.- Con data 20 de xaneiro de 2021, a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto de “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”.

8º.- Tendo en conta o anterior, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 26 de xaneiro de 2021, acordou aprobar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” redactado polo equipo técnico multidisciplinar de UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., e asinado polo Arqui-



Concello de Vigo

tecto D. Pedro de la Puente Crespo e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos.

9º.- Consta no expediente administrativo informe valorativo redactado e asinado polo arqueólogo coordinador, en data 27 de maio de 2021, sobre a avaliación da incidencia que as propostas do proxecto modificado nº 1 das obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil dá actual rede viaria” podan ter na actuación arqueolóxica, concluíndo que o devandito proxecto modificado nº 1 non ten ningunha incidencia na actuación arqueolóxica en curso.

10º.- Pola dirección facultativa da obra emítase informe que consta no expediente, de data 10 de xuño de 2021, no seguinte sentido:

“(…)

O prazo de execución das obras é de 18 meses (548 días). Se inclúe a continuación táboa resumo dos principais hitos respecto ao prazo de execución destas:

ACTO ADMINISTRATIVO	DATA	TEMPO CONSUMIDO A ORIXE DO PRAZO DE OBRA (días)	TEMPO RESTANTE DO PRAZO DE OBRA (días)	TEMPO RESTANTE DO PRAZO DE OBRA (meses)
ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO	28/11/2019	0	548	18
ACTA DE SUSPENSIÓN (Bando navideño)	29/11/2019	0	548	18
REINICIO DAS OBRAS	22/01/2020	0	548	18
SUSPENSIÓN DAS OBRAS (Carnavales)	21/02/2020	30	518	17
REINICIO DAS OBRAS	27/02/2020	30	518	17
SUSPENSIÓN DAS OBRAS (Covid-19)	30/03/2020	62	486	16
REINICIO DAS OBRAS	14/04/2020	62	486	16
SUSPENSIÓN DAS OBRAS (Auscultación e protección edificacións)	08/05/2020	86	462	15
REINICIO DAS OBRAS	19/10/2020	86	462	15
DATA ACTUAL	10/06/2021	320	228	7

II.- REORDENACIÓN DOS CAPÍTULOS DO ORZAMENTO

Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a **primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado** que serán cofinanciadas mediante o **Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020**, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos **CONCÉDESE** de forma

definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “**VIGO VERTICAL**”, por un importe de 15.000.000,00 €.

O proxecto **EDUSI VIGO VERTICAL**, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

No marco da EDUSI “Vigo Vertical”, as obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións, enmarcase en sete solicitudes de financiamento de operacións diferentes que foron aprobadas en distintas datas polo Concello de Vigo na súa designación como Organismo Intermedio Lixeiro FEDER (OIL), segundo Resolución de 21/07/2017, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, aos efectos da selección das operacións a cofinanciar durante a execución da EDUSI.

As operacións polas que se cofinancian a execución da presente obra son as que seguen:

FDU01GA0421 - “Implantación de dispositivos tecnolóxicos de intercambio de fluxos de enerxía e información do transporte e servizos públicos”, aprobada pola Unidade de Xestión do Concello de Vigo como OIL en data 10/10/2019 e polo Organismo Intermedio de Xestión (S.G Desenvolvemento Urbano) en data 01/07/2020.

FDU01GA0424 - “Implantación de dispositivos de aforro enerxético”, aprobada pola Unidade de Xestión do Concello de Vigo como OIL en data 02/10/2020 e polo Organismo Intermedio de Xestión (S.G Desenvolvemento Urbano) en data 05/05/2021.

FDU01GA0423 - “Instalación de elementos de captación de enerxía solar para autoabastecimento”, pendente de aprobación.

FDU01GA0417 - “Creación de rutas en ámbitos históricos, artísticos e culturais con fomento de uso peonil e ciclista na contorna urbana”, aprobada pola Unidade de Xestión do Concello de Vigo como OIL en data 08/08/2019 e polo Organismo Intermedio de Xestión (S.G Desenvolvemento Urbano) en data 15/01/2020.

FDU01GA0420 - “Posta en valor artística e cultural de contornas urbanas”, aprobada pola Unidade de Xestión do Concello de Vigo como OIL en data 09/09/2019.

FDU01GA0422 - “Mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas e equipamentos e servizos”, aprobada pola Unidade de Xestión do Concello de Vigo como OIL en data 02/10/2020 e polo Organismo Intermedio de Xestión (S.G Desenvolvemento Urbano) en data 04/05/2021.



Concello de Vigo

FDU01GA0404 - "Reordenación y regulación del viario urbano", aprobada pola Unidade de Xestión do Concello de Vigo como OIL en data 03/10/2018 e polo Organismo Intermedio de Xestión (S.G Desenvolvemento Urbano) en data 06/11/2018.

Trala firma da acta de comprobación do replanteo, xurde a necesidade de reordenar os capítulos do orzamento inicial do proxecto de obras aprobado en XGL en base ás necesidades e directrices derivadas da execución da EDUSI "Vigo Vertical", reordenación a cal se recolle na aprobación do plan de traballo, previo ao comezo da execución das obras. A devandita reordenación leva consigo, única e exclusivamente, o desprazamento dentro do orzamento orixinal de parte dos subcapítulos existentes para posibilitar á correcta facturación dos mesmos no marco das solicitudes de financiamento da EDUSI "Vigo Vertical", aprobadas na súa maioría con posterioridade á data de aprobación do devandito proxecto das obras. A citada reordenación, en ningún momento, supón cambios nas medicións nin tampouco nos prezos de aplicación do orzamento orixinal.

Neste sentido presentase táboa explicativa onde se pode observar que, os únicos cambios realizados consisten en cambiar a orde dalgúns subcapítulos, reorganizando, así, os capítulos preexistentes de cara a posibilitar a correcta execución, e consecuente financiamento das obras no marco da EDUSI "Vigo Vertical":

Código proxecto orixinal e proposta modificado	Nat	Ud	Resumen	medición	prezo unitario	importe parcial	Proposta de reordenación PROXECTO MODIFICADO N.º 1	
C01	Capítulo		IMPLANTACIÓN DISPOSITIVOS TECNOLÓGICOS INFORMACION Y SERVICIOS	1	977.413,30	977.413,30		
C01.01	Capítulo		MEGAFONIA	1,00	23.254,19	23.254,19		
C01.02	Capítulo		PUESTOS DE EMERGENCIA	1,00	28.438,04	28.438,04		
C01.03	Capítulo		SISTEMA DE AFORO Y ESTACIÓN REMOTA TÚNEL	1,00	8.524,10	8.524,10		
C01.04	Capítulo		SOFTWARE DE GESTIÓN Y EQUIPOS EN CENTRO DE CONTROL	1,00	96.868,63	96.868,63		
C01.05	Capítulo		SISTEMA DE CCTV-DAI	1,00	70.793,41	70.793,41		
C01.06	Capítulo		SISTEMA DE COMUNICACIONES	1,00	14.085,86	14.085,86		
C01.07	Capítulo		RADIOCOBERTURA	1,00	89.252,00	89.252,00		
C01.08	Capítulo		DETECCIÓN	1,00	26.470,80	26.470,80		
C01.09	Capítulo		EXTINCION	1,00	65.330,19	65.330,19	Capítulo 8	VIARIOS
C01.10	Capítulo		SEÑALIZACIÓN	1,00	79.570,35	79.570,35		
09.01	Capítulo		SEÑALIZACIÓN HORIZONTAL	1,00	1.301,04	1.301,04	Capítulo 7	
09.02	Capítulo		SEÑALIZACIÓN VERTICAL	1,00	2.007,83	2.007,83	Capítulo 7	
09.03	Capítulo		SEÑALIZACIÓN VARIABLE	1,00	64.296,46	64.296,46		
09.04	Capítulo		SEÑALIZACIÓN EMERGENCIA	1,00	4.783,12	4.783,12	Capítulo 7	
09.05	Capítulo		BALIZAMIENTO TÚNEL	1,00	7.181,90	7.181,90	Capítulo 7	
C01.11	Capítulo		TELECOMUNICACIONES	1,00	474.072,71	474.072,71	Capítulo 8	VIARIOS
C01.12	Capítulo		WIFI	1,00	753,02	753,02		

Código proxecto orixinal e proposta modificado	Nat	Ud	Resumen	medición	prezo unitario	importe parcial	Proposta de reordenación PROXECTO MODIFICADO N.º 1	
C02	Capítulo		IMPLANTACIÓN DISPOSITIVOS AHORRO ENERGÉTICO	1	1.423.777,18	1.423.777,18		
C02.01	Capítulo		ILUMINACIÓN	1,00	97.735,32	97.735,32		
ILU-TUN	Capítulo		ILUMINACIÓN TÚNEL	1,00	67.682,53	67.682,53		
ILU-CON	Capítulo		CONTROL DE ILUMINACION	1,00	12.879,23	12.879,23		
ILU-EME	Capítulo		ILUMINACIÓN DE EMERGENCIA	1,00	14.831,60	14.831,60		
ILU-DEP	Capítulo		ILUMINACION DEPENDENCIAS Y SALIDA EMERGENCIA	1,00	2.341,96	2.341,96		
C02.02	Capítulo		VENTILACION	1,00	152.344,26	152.344,26		
VENTUN	Capítulo		VENTILACIÓN TUNEL	1,00	119.387,39	119.387,39		
VENDEP	Capítulo		VENTILACIÓN DEPENDENCIAS	1,00	32.956,87	32.956,87	Capítulo 8	VARIOS
C02.03	Capítulo		ELECTRICIDAD TUNEL	1,00	359.889,43	359.889,43		
IE	Capítulo		ELECTRICIDAD (BT)	1,00	265.142,99	265.142,99	Capítulo 8	VARIOS
IE01	Capítulo		GRUPO ELECTRÓGENO	1,00	55.529,25	55.529,25	Capítulo 8	VARIOS
IE02	Capítulo		SAI	1,00	20.628,19	20.628,19		
IE03	Capítulo		CUADROS	1,00	39.083,25	39.083,25		
IE04	Capítulo		LÍNEAS Y CANALIZACIONES	1,00	141.206,37	141.206,37		
IE05	Capítulo		TOMAS DE CORRIENTE	1,00	480,72	480,72		
IE06	Capítulo		MECANISMOS	1,00	917,35	917,35		
IE07	Capítulo		TOMA DE TIERRA	1,00	3.726,08	3.726,08		
IE08	Capítulo		OTROS	1,00	3.571,78	3.571,78		VARIOS
IG	Capítulo		ELECTRICIDAD (MT)	1,00	94.746,44	94.746,44	Capítulo 8	VARIOS
C02.04	Capítulo		ELECTRICIDAD	1,00	333.163,34	333.163,34	Capítulo 8	VARIOS
C02.05	Capítulo		CANAL DE SERVICIOS Y CRUCE DE SERVICIOS	1,00	77.844,09	77.844,09	Capítulo 8	VARIOS
C02.06	Capítulo		LIMPIEZA	1,00	36.370,52	36.370,52	Capítulo 8	Capítulo 8 VARIOS
C02.07	Capítulo		ALUMBRADO	1,00	346.066,95	346.066,95		
ALU.-SOL	Capítulo		ALUMBRADO PUERTA DEL SOL	1,00	199.972,84	199.972,84		
ALU.EL D	Capítulo		ALUMBRADO ELDUAYEN	1,00	105.412,99	105.412,99		
ALU.-CAR	Capítulo		ALUMBRADO CARRAL	1,00	23.314,14	23.314,14		
ALU.-VAR	Capítulo		ALUMBRADO VARIOS	1,00	17.366,98	17.366,98		
C02.08	Capítulo		SEMAFORIZACIÓN	1,00	20.363,27	20.363,27		
C03	Capítulo		IMPLANTACIÓN ELEMENTOS CAPTACIÓN ENERGÍA SOLAR	1	4.795,02	4.795,02		
C04	Capítulo		CREACIÓN RUTAS USO PEATONAL AMBITO HISTORICO-ARTISTICO-CULTURAL	1	1.283.350,27	1.283.350,27		



Concello de Vigo

Código proxecto orixinal e proposta modificado	Nat	Ud	Resumen	medición	prezo unitario	importe parcial	Proposta de reordenación PROXECTO MODIFICADO N.º 1	
C04.01	Capítulo		PAVIMENTOS	1,00	1.062.982,24	1.062.982,24		
C04.02	Capítulo		ACCESIBILIDAD RÚA CARRAL	1,00	220.368,03	220.368,03		
C05	Capítulo		PUESTA EN VALOR CULTURAL Y TURÍSTICA DE ENTORNOS URBANOS	1	4.930.433,24	4.930.433,24		
C05.01	Capítulo		CIMENTACIÓN	1,00	3.340.971,60	3.340.971,60		
C05.02	Capítulo		ESTRUCTURA	1,00	1.589.461,64	1.589.461,64		
C06	Capítulo		CREACIÓN NUEVAS ZONAS VERDES	1	281.046,71	281.046,71	Cambia de denominación	MELLORA DA EFICIENCIA ENERGÉTICA, INFRAEST., EQUIP Y SSPP
C06.01	Capítulo		JARDINERÍA Y RIEGO	1,00	71.560,16	71.560,16	Capítulos 5 y 2	
JAR10	Partida	u	ACER PLATANOIDE CRIMSON KING 24-26 CM.	2,00	423,98	847,96	Capítulo 5	
JAR04	Partida	m2	ACOLCHADO C/CORTEZA PINO 10 cm	253,00	7,29	1.844,37	Capítulo 5	
JAR08	Partida	m2	AISLAMIENTO POLIESTIRENO EXTRUSIONADO DANOPREN TR-40	58,89	9,25	544,73	Capítulo 2	
JAR09	Partida	u	ALCORQUE 0.80 x 0.80 m ADOQUINES DE GRANITO	9,00	202,16	1.819,44	Capítulo 5	
JAR35	Partida	u	ARQUETA REGISTRABLE HORMIGON INSITU 30x30 cm	22,00	79,58	1.750,76	Capítulo 5	
JAR22	Partida	u	AZALEA JAPONICA	150,00	6,03	904,50	Capítulo 5	
JAR20	Partida	u	BEGONIA SEMPERFLORENS.	1.274,00	3,20	4.076,80	Capítulo 5	
JAR11	Partida	u	CHAMAEROPS HUMILIS 1-1,5 m CONT	1,00	180,10	180,10	Capítulo 5	
JAR38	Partida	u	COLLARÍN TOMA POLIPROPILENO	9,00	7,01	63,09	Capítulo 2	
JAR18	Partida	u	CONVOLVULUS CNEORUM	88,00	4,25	374,00	Capítulo 5	
JAR19	Partida	u	CONVOLVULUS MAURITANICUS	116,00	4,25	493,00	Capítulo 5	
JAR23	Partida	u	DIMORPHOTECA ECKLONIS	68,00	9,03	614,04	Capítulo 5	
JAR06	Partida	m	DREN TUB.FIBRA COCO D=90 mm	166,41	6,52	1.084,99	Capítulo 2	
JAR32	Partida	u	ELECTROÁLVULA 1"H 24V	9,00	67,58	608,22	Capítulo 2	
JAR16	Partida	u	ERICA CARNEA	82,00	8,69	712,58	Capítulo 5	
JAR12	Partida	u	EUONYMUS ALATUS 1-1,25 m CONT.	1,00	192,69	192,69	Capítulo 5	
JAR07	Partida	m2	GEOTEXTIL DRENAJE 160 g/m2 UV	337,82	3,50	1.182,37	Capítulo 2	
JAR14	Partida	u	GINGKO BILOBA 16-18 cm	5,00	223,76	1.118,80	Capítulo 5	
JAR13	Partida	u	GINGKO BILOBA 30-35 cm CEP.	2,00	454,99	909,98	Capítulo 5	
JAR24	Partida	u	IBERIS SEMPERVIRENS	71,00	3,30	234,30	Capítulo 5	
JAR05	Partida	m2	IMPERMEABILIZACIÓN DE JARDINERACON LÁMINA DRENANTE NODULAR	337,82	3,55	1.199,26	Capítulo 2	
JAR01	Partida	m2	JARDINERA ACERO	85,13	293,87	25.017,15	Capítulo 5	
JAR40	Partida	ud	JARDINERA DE PRUEBA	2,00	1.369,52	2.739,04	Capítulo 5	
JAR27	Partida	u	LANTANA SELLOWIANA	900,00	3,84	3.456,00	Capítulo 5	
JAR17	Partida	u	LAVANDULA	52,00	5,72	297,44	Capítulo 5	

Código proxecto orixinal e proposta modificado	Nat	Ud	Resumen	medición	prezo unitario	importe parcial	Proposta de reordenación PROXECTO MODIFICADO N.º 1	
JAR33	Partida	m	LÍNEA ELÉCTRICA P/ELECTROVÁLVULA 3x1,5 mm ²	561,00	7,56	4.241,16	Capítulo	2
JAR03	Partida	m3	MATERIAL FILTRANTE ÁRIDO RODADO	21,52	25,44	547,47	Capítulo	2
JAR25	Partida	u	MYOSOTIS SYLVATICA	70,00	3,11	217,70	Capítulo	5
JAR21	Partida	u	NANDINA DOMESTICA	27,00	20,30	548,10	Capítulo	5
JAR15	Partida	u	OLEA EUROPAEA 5 BRAZOS EJEMPLAR	1,00	866,91	866,91	Capítulo	5
JAR31	Partida	u	PROGRAMADOR ELECTRÓNICO 6 ESTACIONES	2,00	125,21	250,42	Capítulo	2
JAR29	Partida	u	PUNTO DE ANCLAJE FIJO	3,00	17,99	53,97	Capítulo	2
JAR28	Partida	u	SEDUM SPECTABILE, SPURIUM Y REFLEXUM	150,00	4,91	736,50	Capítulo	5
JAR34	Partida	u	SENSOR DE LLUVIA	3,00	70,03	210,09	Capítulo	2
JAR39	Partida	u	SISTEMA RIEGO RADICULAR 114 l/h ÁRBOLES	9,00	26,55	238,95	Capítulo	2
JAR02	Partida	m3	SUSTRATO COMERCIAL JARDINERAS	138,69	62,43	8.658,42	Capítulo	5
JAR30	Partida	m	TUBERÍA PEBD ENTERRADO C/GOTERO INTEGRADO c/30 cm	468,30	2,02	945,97	Capítulo	2
JAR37	Partida	m	TUBERÍA PEBD ENTERRADO PE40 PN10 D=25 mm	72,00	2,29	164,88	Capítulo	2
JAR26	Partida	u	VIOLA X WITTROKIANA	166,00	2,17	360,22	Capítulo	5
JAR36	Partida	u	VÁLVULA REGULADORA PRESIÓN METAL C/MANÓMETRO D=1"	9,00	139,31	1.253,79	Capítulo	2
			C06.01	1,00	71.560,16	71.560,16		
C06.02	Capítulo		ESTRADO	1,00	66.659,46	66.659,46	Capítulos	5 e 2
EST01	Partida	m	BORDILLO GRANITO NEGRO ANGOLA ACABADO FLAMEADO	98,00	97,04	9.509,92	Capítulo	5
EST02	Partida	m2	PAVIMENTO DE GRANITO NEGRO ANGOLA ACABADO FLAMEADO	190,00	103,35	19.636,50	Capítulo	5
EST03	Partida	m	TIRA LED RIGA RGB O SIMILAR	98,00	132,79	13.013,42	Capítulo	2
EST04	Partida	u	DRIVER DE ALIMENTACIÓN	10,00	105,64	1.056,40	Capítulo	2
EST05	Partida	u	ESCLAVO DMX	10,00	245,54	2.455,40	Capítulo	2
EST06	Partida	m3	MORTERO LIGERO S/POROS A.EXPAND. M-5	120,00	100,86	12.103,20	Capítulo	5
EST07	Partida	m2	REVESTIMIENTO CHAPA DE ACERO INOX	25,00	59,58	1.489,50	Capítulo	5
EST08	Partida	m2	FÁBRICA LADRILLO MACIZO 10 cm 1P MORTERO M-5	28,00	30,36	850,08	Capítulo	5
EST09	Partida	m2	RESINA DE UNIÓN DE BASE CEMENTOSA	10,00	2,84	28,40	Capítulo	5
EST10	Partida	m	CABLE DMX BELDEN9841 PARA CONTROL DE ILUMINACIÓN	98,00	11,91	1.167,18	Capítulo	2
EST11	Partida	u	ARQUETA SUBTERRANEA 1000X1000 TOMAS ESTRADO	1,00	5.349,46	5.349,46	Capítulo	2
			C06.02	1,00	66.659,46	66.659,46		
C06.03	Capítulo		URBANIZACIÓN	1,00	142.827,09	142.827,09	Capítulo	5
C07	Capítulo		REORDENACIÓN VIARIO URBANO. FOMENTO DEL TPTE PUBLICO Y PEATONAL	1	2.727.138,81	2.727.138,81		
C07.01	Capítulo		DEMOLICIÓN APARCAMIENTO	1,00	447.843,21	447.843,21		
C07.02	Capítulo		DEMOLICIÓN Y DESMONTAJES SUPERFICIE	1,00	114.274,78	114.274,78		



Concello de Vigo

Código proxecto orixinal e proposta modificado	Nat	Ud	Resumen	medición	prezo unitario	importe parcial	Proposta de reordenación PROXECTO MODIFICADO N.º 1	
C07.03	Capítulo		MONTAJE MUROS SUPERFICIE	1,00	2.883,88	2.883,88		
C07.04	Capítulo		MOVIMIENTO DE TIERRAS	1,00	215.011,15	215.011,15		
C07.05	Capítulo		FIRMES	1,00	117.473,93	117.473,93		
C07.06	Capítulo		DRENAJE	1,00	141.482,23	141.482,23	Capítulo 6	
C07.07	Capítulo		ABASTECIMIENTO	1,00	44.246,85	44.246,85	Capítulo 6	
C07.08	Capítulo		SANEAMIENTO	1,00	242.849,20	242.849,20	Capítulo 6	
C07.09	Capítulo		GAS	1,00	48.546,99	48.546,99		
C07.10	Capítulo		ARQUITECTURA TÚNEL	1,00	445.321,14	445.321,14		
C07.11	Capítulo		ACTUACIONES APARCAMIENTO POLICARPO SANZ	1,00	325.151,58	325.151,58		
C07.12	Capítulo		ORDENACION DEL TRAFICO	1,00	75.674,17	75.674,17		
C07.13	Capítulo		VARIOS	1,00	379.234,50	379.234,50	Capítulo 8	VARIOS
C07.14	Capítulo		GESTIÓN DE RESIDUOS	1,00	61.448,32	61.448,32	Capítulo 8	VARIOS
C07.15	Capítulo		MANTENIMIENTO	1,00	65.696,88	65.696,88	Capítulo 8	VARIOS
C08	Capítulo		SEGURIDAD Y SALUD	1	176.027,85	176.027,85	Capítulo 9	SEGURIDADE E SAÚDE
			TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL	1	11.803.982,38	11.803.982,38		
					13% G.G.	1.534.517,71		
					6% B.I.	708.238,94		
			SUMA DE G.G. y B.I.			2.242.756,65		
			TOTAL PRESUPUESTO DE LICITACIÓN			14.046.739,03		
			Coef. Adj.			0,793100		
			TOTAL EJECUCIÓN POR CONTRATA SIN IVA			11.140.470,25		
			TOTAL EJECUCIÓN POR CONTRATA + IVA			13.479.969,00		

Preséntase a continuación táboa comparativa do orzamento orixinal coa reordenación de capítulos e co orzamento do proxecto modificado nº 1:

TÁBOA COMPARATIVA ORZAMENTO PORTA DO SOL

ORZAMENTO ORIXINAL		
Capítulos	Resumen	Importe parcial
C01	IMPLANTACIÓN DISPOSITIVOS TECNOLOGICOS INFORMACION Y SERVICIOS	977.413,30
C02	IMPLANTACIÓN DISPOSITIVOS AHORRO ENERGÉTICO	1.423.777,18
C03	IMPLANTACIÓN ELEMENTOS CAPTACIÓN ENERGÍA SOLAR	4.795,02
C04	CREACIÓN RUTAS USO PEATONAL AMBITO HISTORICO-ARTISTICO-CULTURAL	1.283.350,27
C05	PUESTA EN VALOR CULTURAL Y TURISTICA DE ENTORNOS URBANOS	4.930.433,24
C06	CREACIÓN NUEVAS ZONAS VERDES	281.046,71
C07	REORDENACIÓN VIARIO URBANO. FOMENTO DEL TPTE PUBLICO Y PEATONAL	2.727.138,81
C08	SEGURIDAD Y SALUD	176.027,85
TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL		11.803.982,38
		1.534.517,71
		708.238,94
SUMA DE G.G. y B.I.		2.242.756,65
TOTAL PRESUPUESTO DE LICITACIÓN sin IVA		14.046.739,03
Coef. Adj.		0,793100
TOTAL EJECUCIÓN POR CONTRATA sin IVA		11.140.470,25
TOTAL EJECUCIÓN POR CONTRATA con IVA		13.479.969,00

ORZAMENTO ADAPTADO DUSI		
Capítulos	Resumen	Importe parcial
C01	Implantación de dispositivos tecnológicos de intercambio de flujos de energía e información del transporte y servicios públicos	443.099,78
C02	Implantación de dispositivos de ahorro energético por optimización de recursos y por reducción de consumos directos	808.434,62
C03	Incorporación de elementos para captación de energía solar, eólica y geotérmica para abastecer redes municipales	4.795,02
C04	Creación de rutas en ámbitos históricos, artísticos culturales con fomento del uso peatonal y ciclista	1.283.350,27
C05	Puesta en valor artística y cultural de entornos urbanos y creación de rincones urbanos con referencia turística y cultural	5.175.848,73
C06	Mejora de la eficiencia energética de las infraestructuras, equipamientos y servicios públicos	428.578,28
C07	Reordenación y regulación de viario urbano con potenciación del transporte público, peatonal y bicicletas	1.807.454,72
C08	Varios	1.676.393,11
C09	Seguridad y Salud	176.027,85
TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL		11.803.982,38
		1.534.517,71
		708.238,94
SUMA DE G.G. y B.I.		2.242.756,65
TOTAL PRESUPUESTO DE LICITACIÓN sin IVA		14.046.739,03
Coef. Adj.		0,793100
TOTAL EJECUCIÓN POR CONTRATA sin IVA		11.140.470,25
TOTAL EJECUCIÓN POR CONTRATA con IVA		13.479.969,00

ORZAMENTO MODIFICADO		
Capítulos	Resumen	Importe parcial
C01	Implantación de dispositivos tecnológicos de flujos de energía e información del transporte y servicios públicos	443.099,78
C02	Implantación de dispositivos de ahorro energético por optimización de recursos y por reducción de consumos directos	808.434,62
C03	Incorporación de elementos para captación de energía solar, eólica y geotérmica para abastecer redes municipales	4.795,02
C04	Creación de rutas en ámbitos históricos, culturales con fomento del uso peatonal y ciclista	1.283.350,27
C05	Puesta en valor artística y cultural de entornos urbanos y creación de rincones urbanos con referencia turística y cultural	5.175.848,73
C06	Mejora de la eficiencia energética de las infraestructuras, equipamientos y servicios públicos	428.578,28
C07	Reordenación y regulación de viario urbano con potenciación del transporte público, peatonal y bicicletas	1.807.454,72
C08	Varios	1.676.393,11
C09	Seguridad y Salud	176.027,85
TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL		11.803.982,38
		1.534.517,71
		708.238,94
SUMA DE G.G. y B.I.		2.242.756,65
TOTAL PRESUPUESTO DE LICITACIÓN sin IVA		14.046.739,03
Coef. Adj.		0,793100
TOTAL EJECUCIÓN POR CONTRATA sin IVA		11.140.470,25
TOTAL EJECUCIÓN POR CONTRATA con IVA		13.479.969,00



III.- MODIFICACIÓNS

Neste apartado inclúense as modificacións fundamentais contidas no proxecto modificado n.º 1:

1) DESCUBRIMENTO DE ELEMENTOS DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO EN BO ESTADO DE CONSERVACIÓN NON PREVISTOS EN PROXECTO.

Os traballos de control arqueolóxico das obras iníciáanse con data do 28 de febreiro de 2020 e ao longo das seguintes semanas, durante as excavacións para a execución de servizos soterrados, atópanse diferentes estruturas no ámbito comprendido entre os actuais aparcamentos de Porta do Sol e Policarpo Sanz, tal e coma se reflicte no Informe Puntual EXCAVACIÓN EN ÁREA E CONTROL ARQUEOLÓXICOS NO ÁMBITO DAS OBRAS DE SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA, VIGO entregado pola Dirección Arqueolóxica das obras, ante o atopado na Área 1 e o seu impacto na planificación da obra do túnel (no Anexo 21 do modificado nº 1 incorpórase o devandito informe). Segundo se explica neste informe no ámbito citado, denominado Área 1, co obxectivo de descubrir o alzado dos muros atopados en toda a súa extensión según indicacións da dirección arqueolóxica, rebaixouse o terreo entre 2,30 e 2,50 metros en toda a área, realizando unha excavación de maior profundidade en diferentes puntos nos que se acadan cotas de ata 6,80 m con respecto á rasante da rúa. Unha vez descubertas as citadas estruturas, segundo se recolle no informe, o arqueólogo da Delegación Territorial de Pontevedra da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural solicita que se atopen as solucións máis adecuadas para que o impacto das obras sexa o menor posible sobre as devanditas estruturas.

Como consecuencia da nova situación reestúdase o proxecto aprobado, nos capítulos afectados, para adaptalo á nova situación recollida no Informe Puntual da Dirección Arqueolóxica.

A execución da estrutura prevista no proxecto construtivo para materializar a rampla de acceso ao túnel, lado Policarpo Sanz, implica realizar unha excavación de 9,5 m de altura. Asemade, para a reposición dos servizos de subministro eléctrico afectados polas obras, na contorna dos achados arqueolóxicos o proxecto construtivo contempla a execución dunha cámara de 6,5 m de profundidade.

No presente documento modificado, propónse modificar a xeometría da rampla de acceso ao túnel, no lado Policarpo Sanz, proxectando unha tipoloxía de estrutura que evite unha excavación tan profunda na zona de afección aos elementos arqueolóxicos. Ademais propónse unha nova definición xeométrica da rampla que permitirá o paso dos servizos eléctricos afectados nun prisma por debaixo da mesma sen necesidade de acadar profundidades tan elevadas, manténdose no orde de magnitude de 2,7 m de profundidade, fronte aos 6,5 m inicialmente previstos. A elevación da rasante coa nova definición xeométrica da rampla permite enlazar coa rúa Policarpo Sanz sen afección ao parking soterrado existente na citada rúa.

Vese alterado por estas modificacións o seguinte subcapítulo do orzamento:

▫ 7.11 Actuacións aparcamento Policarpo Sanz

2) CONDICIÓN XEOTÉCNICAS

Co obxecto de complementar a información dispoñible sobre as condicións do subsolo no ámbito da obra, a UTE construtora desenvolveu unha campaña de investigación adicional á realizada durante a fase de proxecto, para tratar de obter un coñecemento detallado de tódolos puntos do terreo, tal e como se indica no apartado 1.1.2.-Condicionantes para a definición do proxecto do documento que conforma a oferta incorporada ao contrato.

Esta campaña materializouse na emisión dun estudo xeotécnico e un estudo xeofísico.

A proposta de realización desta campaña complementaria baseouse nas limitacións atopadas durante a etapa de redacción do proxecto construtivo para elixir os puntos de investigación, limitacións que puideron salvarse xa na fase de obras. Así, como recolle o apartado 4.1 do Estudio Geotécnico incorporado ao Anexo 2 do proxecto construtivo: Xeoloxía e Xeotecnia: “Sobre el terreno se localizaron las arquetas de las canalizaciones soterradas (cableado, saneamiento...) posicionando los puntos de investigación intentando evitar dichas canalizaciones. En la práctica la multitud de canalizaciones soterradas existentes ha condicionado la posición de los puntos de investigación, siendo necesario desplazarlos desde la planificación inicial hacia el centro de la calzada (...), por lo que no ha sido posible establecer las diferencias entre lo que será el norte y el sur de la excavación. Estas diferencias, sin duda, existirán, dado que parte del trazado discurre a media ladera natural, en la que cabe esperar cierta asimetría geotécnica, generada de forma natural pero también como consecuencia de antiguos rellenos o excavaciones de nivelación.”

Os novos datos obtidos no estudo xeotécnico complementario, en base a sondaxes realizadas sobre a traza de execución das pantallas de micropilotes, conclúen que no marco xeral da obra a porcentaxe ponderada de rocha aumenta e os parámetros xeotécnicos resistentes melloran de xeito substancial. Isto permite propoñer no presente modificado n.º 1 a diminución do diámetro da micropilotaxe de xeito que se poida reducir o nivel de vibracións transmitidas ás edificacións contiguas e as afeccións aos veciños e usuarios do ámbito de actuación, sen menoscabo na seguridade e durabilidade da actuación. Esta mellora dos parámetros xeotécnicos poden ter influencia na excavabilidade do macizo rochoso debido ao incremento da dureza ou da resistencia a compresión do mesmo (no Anexo 2 do modificado nº 1 incorpórase o devandito informe).

Vense alterados por estas modificacións os seguintes subcapítulos do orzamento:

- 5.1 Cimentación
- 7.4 Movemento de terras

3) CONSOLIDACIÓN CIMENTACIÓN CONXUNTO ESCULTÓRICO “EL SIRENO”

Ao inicio das obras e durante a execución destas, descubriuse a cimentación do conxunto escultórico “El Sireno”, obra do escultor Francisco Leiro, que se atopa no centro da Porta do Sol e supón unha icona da cidade de Vigo. A peza, elaborada en aceiro inoxidable, pesa 4 toneladas e apóiase sobre dous grandes piares de granito de 12 metros de altura, foi instalada no ano 1991.

As dimensións da cimentación e a súa localización próxima aos muros do parking existente detectada en fase de execución de obra e, coa información dispoñible, fan necesario



Concello de Vigo

realizar unha consolidación da mesma mediante unha micropilotaxe de xeito que se garantan as condicións de integridade e conservación do conxunto escultórico durante a execución das obras, tendo en conta o risco de envorco ante a elevada esbeltez do elemento escultórico.

Vese alterado por estas modificacións o seguinte subcapítulo do orzamento:

▣ 5.1 Cimentación

4) ESTADO DOS MUROS EXISTENTES NO APARCAMENTO DA PORTA DO SOL E SISTEMA CONSTRUTIVO DO TÚNEL NO TRAMO DESTE APARCAMENTO

Seguindo o programa de traballos procedeuse á demolición da práctica totalidade do cerramento de bloque situado diante dos muros de contención da estrutura do actual aparcamento soterrado de Porta do Sol, o que permitiu unha observación máis completa do estado dos mesmos e a obtención de maior información respecto a dispoñible na fase de redacción do proxecto construtivo no referente aos citados muros. Á vista desta información realizáronse novos estudos de caracterización estrutural dos muros, que permiten completar o estado real dos parámetros resistentes, de durabilidade e estados tensionais.

Incorpóranse no Anexo 10 do proxecto modificado nº 1 os informes realizados con datas 7 de outubro de 2020 (caracterización de espesores, resistencia a compresión simple e carbonatación) e 15 de outubro de 2020 (caracterización do parámetro “penetración de auga”). Ditas análises posibilitan o aproveitamento estrutural dos muros existentes mediante un reforzo polo intradorso de 15 cm de formigón armado vinculado de xeito mecánico á estrutura existente.

En canto ao sistema construtivo da estrutura do aparcamento, no proxecto orixinal contémpase a solución construtiva de peche superior do túnel mediante unhas vigas ponte prefabricadas de máis de 20 metros de lonxitude. O aproveitamento estrutural dos muros anteriormente citados e a súa aportación estrutural, permite a redefinición e alixeramento do sistema construtivo do resto da estrutura según se recolle e xustifica no Anexo 10 do proxecto modificado nº 1.

Asemade esta nova configuración estrutural, permite evitar o transporte das grandes pezas prefabricadas recollidas en proxecto que debía ser realizado por vehículos de gran tonelaxe en transportes especiais a través do centro da cidade e dos seus accesos de alta capacidade, o que obrigaría a reordenación do tráfico na cidade e das obras que se desenvolven no entorno actualmente (túnel de Lepanto, etc.) O novo proceso construtivo proposto reduce a cantidade de elementos que deben chegar á obra por medio de transportes especiais e ademais diminúe as vibracións, emisións e ruídos no céntrico entorno urbano no que nos atopamos. Tamén na fase de construción da nova estrutura, a secuencia prevista de demolición e montaxe evita ter durante un período prolongado de tempo un oco aberto de grandes dimensións (aproximadamente 17.000 m³).

Vense alterados por estas modificacións os seguintes subcapítulos do orzamento:

- 4.1 Pavimentos
- 5.1 Cimentación
- 5.2 Estructura
- 6.4.1 Drenaxe túnel
- 6.4.2 Drenaxe aparcamento
- 7.1 Demolición aparcamento

5) SERVICIOS URBANOS

Iniciadas as obras, cos datos reais e tras manter os contactos pertinentes coas compañías subministradoras de servizos, analizáronse e actualizáronse as redes existentes e as necesidades de acometidas ás demandas das mesmas. Estas alteracións fan inviable o emprego dun canal de servizos a executar entre a lousa do túnel e o paquete de pavimentación, tal e como estaba previsto no proxecto orixinal. Por todo elo, estas canalizacións desprazáronse á zona do extradorso das pantallas adaptándose á realidade atopada dos servizos urbanos.

Vense alterados por estas modificacións os seguintes subcapítulos do orzamento:

- 7.8.1 Residuais Porta do Sol
- 2.5 Canais de servizos e cruce de servizos

IV.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN

En canto ao resto de modificacións, tamén contempladas no apartado 14 das FEC, indícase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no PCAP reitor do contrato, xa que no seu apartado 14d das FEC, límites da modificación, sinala que a contía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato (supón o -3,01%).

Tódalas modificacións estímase non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo motivadas en xeral polas condicións arqueolóxicas, xeotécnicas, estruturais e necesidades de adaptación ao contorno no referente á servizos soterrados e seguridade viaria, condicións que non puideron ser previstas no proxecto orixinal.

As modificacións que se formulan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras.

Os prezos contraditorios que se propoñen, consecuentes á solución técnica adoptada, refírense á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra, en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e a os custos indirectos dos prezos descompostos.

As modificacións incluídas no presente modificado non alteran o prazo de execución das obras.”

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece na súa Disposición transitoria primeira que a normativa relativa aos efectos, cumprimento, extinción, modificación, duración e réxime de prórrogas, se aplicará a todos os contratos administrativos, salvo a aqueles adxudicados con anterioridade a entrada en vigor da Lei. No presente caso, segundo consta nos antecedentes, o contrato administrativo foi adxudicado con posterioridade á entrada en vigor da LCSP, o que determina que o réxime da súa modificación rexerese pola normativa vixente.

II.- O artigo 190 da LCSP establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento,



Concello de Vigo

modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 27 de maio de 2019, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: Implantación dispositivos tecnolóxicos información servizos, implantación dispositivos de aforro enerxético, implantación de elementos de captación enerxía solar, creación rutas uso peonil ámbitos histórico artístico e cultural, posta en valor cultural e turística de entornos urbanos, creación de novas zonas verdes, reordenación viario urbano fomento de transporte público-peonil, seguridade e saúde.
- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
 - Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos urbanos, deseño, esquema funcional ou seguridade vial, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

IV.- Asemade, en relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figura a seguinte (art.205.2.c) da LCSP):

- Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerárase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

V.- Neste caso que nos ocupa, a proposta de modificación do contrato atópase contemplada nos supostos do artigos 204 e 205 da LCSP.



Concello de Vigo

Todas as modificacións propostas atópanse previstas no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, tal e como se xustifica no informe da dirección facultativa.

Nembargantes, as modificacións referentes as circunstancias de *Condições xeotécnicas, Consolidación cimentación conxunto escultórico "El Sireno", Estado dos muros existentes no aparcamento da Porta do Sol e Sistema construtivo do túnel no tramo deste aparcamento*, obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas.

Asemade, dita modificación exposta non é substancial, nos termos da regulación da mesma que se establece no apartado c) do punto 2 do referido artigo 205.

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían dita modificación de substancial, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

En canto ao resto de modificacións, tamén contempladas no apartado 14 das FEC, indícase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no PCAP reitor do contrato, xa que no seu apartado 14d das FEC, límites da modificación, sinala que a contía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato.

VI.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario re-

alizer unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.

2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
 - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
 - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
 - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

VII.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

VIII.- Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que, no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

XIX.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 14 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 26.01.2021, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.



Concello de Vigo

3º.- Consta audiencia do redactor do proxecto, sen que formulara, en data 09.04.2021, consideracións ao mesmo. (Trámite 918,992 e 994 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste, en data 09.04.2021, respecto á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.(Trámite 915, 991 e 993 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 10.06.2021.

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

8º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

XIX.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de **“SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”** redactado polo Enxeñeira Técnica de Obras Públicas, Dña. M^a Francisca Arlandis Marra e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños, cun importe minorado de 40.259,58 € de Orzamento de Execución Material, o que supón unha minoración líquida de 45.975,82€, supoñendo un -3,01% de modificación sobre o prezo de adxudicación por causas xustificadas contempladas no apartado 14 das FEC, e un 2,67% de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205 da LCSP.

2º.-Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

3º.- Instar á mercantil UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A. adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior. As obras afectadas pola modificación non poderán iniciarse mentres non se formalice o contrato modificado.

4º.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(521).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO VI DO PEPRI DE BOUZAS. EXPTE. 5269/401.

Dáse conta do informe-proposta do 03/06/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Planeamento e Xestión, o xefe de Urbanización e Infraestructuras e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FEITOS

I.- Cómpre traer a colación como antecedentes do presente, os expedientes tramitados nesta administración, e dos que trae causa o que aquí nos ocupa, isto é, o Plan Especial de protección e reforma interior do casco histórico de Bouzas (Exp. 5823/411), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 30.09.2002; Proxecto de compensación do polígono 6 do PEPRI de BOUZAS, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data do 07.04.2018 (Exp.4786/401), e operacións xurídicas complementarias (Exp. 5030/401 e Exp. 5091/401) respectivamente aprobadas pola Xunta de Goberno Local con datas do 14.10.2011 e 19.07.2013.

II.- No que atinxe ao presente expediente, con data do 31.03.2021, tiña entrada no Rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo (en diante XMU), baixo o COD.SOL.: W534296-6839, impreso de solicitude subscrito por D. Alfonso González Martínez e/r da Xunta de compensación do polígono VI de Bouzas,-debidamente acreditada no expediente de razón-(Cod.Sol.W557237-3060) promotora da presente actuación, polo que, solicita a tramitación do Proxecto de urbanización correspondente ao polígono VI do PEPRI de Bouzas, xuntando a tales efectos a preceptiva documentación técnica consistente en: Memoria e anexos, planimetría, pregos, e orzamento, redactada polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, D. Julio Roberes de Cominges, de data febreiro de 2021, e asinada pola mesma autoría, con firma dixital válida do 31.03.2021.

III.- Examinada a antedita documentación, con data 16.04.2021 o enxeñeiro civil do servizo de urbanización e infraestructuras, emite informe técnico, de carácter favorable a actuación proposta, do seguinte teor literal,

“(...) El 31/03/21, Alfonso González Martínez, en representación de la Junta de



Concello de Vigo

Compensación del Polígono 6 del PEPRI de Bouzas, presenta el proyecto de urbanización del Polígono 6 del PEPRI de Bouzas, Doc 210051561 y 210051565, redactado por el Ingeniero de Caminos C. y P Julio Roberes Cominges.

A los efectos fiscales que corresponda, el presupuesto de ejecución material asciende a la cantidad de 311.281,16 € y un presupuesto de ejecución por contrata (IVA incluido) de 448.213,74 €.

El ámbito de esta actuación es de 2.753 m² y se encuadra entre las calles Tomás A. Alonso y Covadóna, conformando una plaza pública, con accesos rodados (de coexistencia) a los nuevos sólidos proyectados desde ambas calles.

El proyecto de compensación prevé 4 nuevos sólidos de bajo mas dos y bajo mas tres plantas, un edificio de interés local para uso para equipamiento cultural, espacios públicos de uso libre peatonal con una plaza pública interior de unos 1500 m² con zonas pavimentadas y zonas ajardinadas, el sólido 2 y el 4c son de titularidad municipal

El Proyecto de Compensación de este polígono contempla la posibilidad de ocupar el espacio público peatonal en subsuelo por un aparcamiento público en régimen de concesión u otro uso de carácter público.

Los propietarios del suelo están obligados, como indica el Proyecto de Compensación, a que, una vez entregada la urbanización, a constituir una entidad urbanística de conservación para el mantenimiento de las zonas verdes del ámbito de este polígono.

Después de haber revisado el documento se concluye que este proyecto define de una manera correcta las obras necesarias para la transformación de este suelo a suelo urbano consolidado, de manera compatible con el planeamiento de desarrollo y la gestión del ámbito.

La urbanización contempla todos los servicios habituales: red de saneamiento de fecales, de pluviales, abastecimiento, riego, alumbrado público, gas, energía eléctrica, telecomunicaciones y mobiliario urbano.

El proyecto cumple con las vigentes normas urbanísticas del plan general vigente y las específicas del PEPRI y con la Ley 10/2014, de 3 de diciembre de accesibilidad, con la ordenanza municipal de alumbrado público y la ordenanza municipal de Montes, Parques y Jardines.

El proyecto con informe favorable del departamento de electromecánicos respecto de la instalación de alumbrado público.

El proyecto no precisa someterse a evacuación de impacto ambiental por no encontrarse dentro de las actuaciones previstas en el Anexo I y II de la ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental, modificada por la Ley 9/2018, de 5 de diciembre. Asimismo, el enclave del proyecto no se encuentra dentro de ningún Espacio Natural Protegido.

El proyecto no precisa someterse a evaluación de incidencia ambiental, por no corresponder con ninguno de los supuestos incluidos en el Anexo de la LEY 9/2013, de 19 de diciembre, del emprendimiento y de la competitividad económica de Galicia.

Una vez que este proyecto sea aprobado definitivamente deberá seguir las prescripciones contenidas en la instrucción 1/2015 por la que se modifica la instrucción 2/2012 y se aprueba el protocolo de actuación para el seguimiento y recepción de las obras de urbanización del Concello de Vigo, (BOPPO n.º 223 del miércoles, 18 de noviembre de 2015).

El acuerdo de aprobación inicial, así como el periodo de exposición pública, se notificará a las empresas Telefónica y demás operadores de telefonía, Aqualia, Unión Fenosa, Gas Galicia, así como a los propietarios de los terrenos incluidos en el ámbito del proyecto.(...)”.

IV.- Incorpórase e forma parte do presente expediente, a documentación inserida no rexistro electrónico desta XMU con data do 02.06.2021 (Cod. Sol.: W557237-3060), consistente nas Actas das asembleas da Xunta de compensación do dito ámbito celebradas con data do 21.07.2020- na que se acorda o cambio de titularidade das propiedades así como a designación do equipo técnico, xurídico e económico para a xestión e desenvolvemento da XC, a celebrada o 25.09.2020- na que entre outra orde de cousas se acorda a renovación de cargos do seu Consello reitor- e a acta do 30.03.2021, así como certificado de aprobación por unanimidade pola XC do documento do proxecto de urbanización e autorización ao seu Presidente para a súa presentación perante o Concello de Vigo para a súa tramitación, e a representación outorgada a Alfonso González Martínez, para que efectuase a presentación do proxecto de urbanización perante a XMU do Concello de Vigo, así como o seus posteriores trámites.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa Básica aplicable

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Bouzas, aprobado definitivamente polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar con data do 30.09.2002
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)



Concello de Vigo

- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións que poidan afectar

II.- Obxecto e Ámbito do proxecto de urbanización

O planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, trátase do PGOU de 1993, que constitúe un documento de adaptación do PGOU de 1988 á Lei 11/1995, do 22 de agosto, de adaptación do solo de Galicia (LASGA), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993 (DOG núm. 87, do 10.05.1993; BOP núm. 133, do 14.07.1993), coas súas modificacións puntuais.

Con data do 30.09.2002 o Pleno do Concello de Vigo, prestou aprobación ao Plan especial de protección e reforma interior do Casco Histórico de Bouzas (Ex.5823/411); o presente polígono desenvolveuse polo sistema de compensación, tramitado no expediente núm.4786 /401, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data do 07.04.2018 , e operacións xurídicas complementarias (Exp. 5030/401 e Exp. 5091/401) respectivamente aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, con datas do 14.10.2011 e 19.07.2013.

De conformidade co proxecto de compensación definitivamente aprobado, o ámbito de actuación acada unha superficie de 2.753 m² e se encadra entre as rúas Tomás Alonso e Covadonga, conformando unha praza pública, con accesos rodados de coexistencia, aos novos sólidos proxectados, cinco novos sólidos para vivendas, distribuídos cara o Oeste (Sólido 1 de 622,6 m²), cara a Rúa Tomás Alonso (Sólido 2 e 3), cara o Este (Sólido 4) e cara o Norte, rúa Covadonga (Sólido 5); Asemade, o proxecto de compensación, contempla un edificio de interese local para uso de equipamento cultural, espazos públicos de uso libre peonil con unha praza pública interior duns 1500 m² con zonas pavimentadas e axardinadas; Indicar que os sólidos 2 e 4c son de titularidade municipal.

Indicar que, o proxecto se localiza nun ámbito de solo urbano non consolidado inserido na malla urbana da cidade de Vigo, contando con servizos e infraestruturas para satisfacer as demandas dos usos e edificacións existentes; Así mesmo o proxecto non afecta a ningún espazo natural da Rede Natura 2000 ou sometido a algún réxime de protección establecido na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e que o proxecto non está incluído en ningún dos supostos aos que se refire o artigo 7 “Ámbito de aplicación de avaliación de impacto ambiental” da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, e polo tanto, non é preciso o seu sometemento ao trámite de avaliación de impacto ambiental, tal e como indica o enxeñeiro civil en informe asinado o 16.03.2021.

III.- Dos Proxectos de urbanización

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento(RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización,” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atinxe á execución material das obras de urbanización do polígono VI do PEPRI de Bouzas, coas características e resto de parámetros descritos no Proxecto de compensación do que trae causa – aprobado polo Xunta de goberno local do Concello de Vigo, na sesión que tivo lugar con data do 07.04.2008, e operacións xurídicas complementarias aprobadas pola XGL con datas do 14.10.2011 e 19.07.2013.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro técnico de obras públicas desta XMU no informe emitido con data do 16.04.2021.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas en data 16.04.2021 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informes que se incorporan ao presente expediente e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Concello de Vigo

IV.- Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado definitivamente o Proxecto de compensación que contén a ordenación detallada, como presuposto de execución material do artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG.

V.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos, como o que nos ocupa.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

Lémbrese que, ao se tratar dun sistema de actuación indirecto, con carácter anterior ao inicio das obras de urbanización, a promotora deberá prestar ante o municipio a garantía do exacto cumprimento dos deberes de execución do plan, por importe do 10 % do orzamento de execución material do proxecto.

No caso de que se pretenda simultanear as obras de edificación coas de urbanización, a propiedade deberá presentar aval polo 100% do P.E.C.

Asemade, deberanse redactar e elevar a esta XMU os estatutos dunha entidade de conservación das obras de urbanización, con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto, segundo o previsto nos artigos 232 e 233, en relación co artigo 322 e seguintes do RLSG- a conservación das obras de urbanización e que deberá estar aprobada e constituída con anterioridade á recepción das obras.

VI.- Da aprobación inicial

O acto de aprobación inicial non é máis que o exame do proxecto elaborado e decisión, no seu caso, de que se inicie o procedemento legal, coa subsecuente información pública para a expedición do acto administrativo definitivo, polo que no seu propio alcance está explícita a súa natureza como verdadeiro acto de trámite dirixido a preparar e posibilitar posteriores

decisións, cunha impugnabilidade independente, tanto en vía administrativa como na xurisdiccional, agás que sexa denegatorio e impida a continuación do procedemento.

VII.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade co informe técnico incorporado ao expediente suscrito con data do 16.04.2021, e que lle serve de motivación ao presente, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter inicial, ao »Proxecto de urbanización do Polígono VI do PEPRI de Bouzas», documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 31.03.2021 (Cod.Sol.W557237-3060) , redactada polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, D. Julio Roberes de Cominges, con data febreiro de 2021, e asinada pola mesma autoría, con firma dixital válida do 31.03.2021, instrumento urbanístico promovido pola Xunta de compensación do dito ámbito, -na súa cualidade de propietarios privados do dito Polígono delimitado-.

Segundo.- Someter o presente proxecto, inicialmente aprobado, a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no "Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia-computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos, así como as empresas operadoras de telefonía, e as prestadoras de servizos- Aqualia, Unión Fenosa e Gas Galicia.

o

Terceiro.- Solicitar, consonte á normativa sectorial de aplicación, ao abeiro do disposto no artigo 226.4 do RLSG, o seguinte informe, acordo e/ou autorización sectorial preceptiva, - acordo favorable, ou no seu caso informe ou autorización da Agencia Estatal de Seguridad Aérea, AESA, da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento, en materia de servidumes aeronáuticas.

Cuarto.- Advírteselle á promotora de que, con anterioridade á aprobación definitiva, poderá esixirse documento refundido da documentación aprobada coas modificacións que se puideran introducir por mor das alegacións que sexan estimadas no proceso de información pública e dos informes sectoriais que se emitan, e requirir a entidade promotora para que, se proceda a redactar e achegar a esta XMU, con anterioridade á aprobación definitiva do



Concello de Vigo

proxecto de urbanización, un proxecto de estatutos da futura entidade urbanística de conservación, consonte ao determinado no art. 324 e concordantes do RLSG, coa advertencia de que, unha vez aprobados polo órgano municipal competente, deberá proceder á constitución da entidade urbanística de conservación con carácter previo á recepción das obras de urbanización.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

O Consello de Xerencia de Urbanismo, con data 08/06/21, acordou elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(522).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez